

Poesía recuperada de Álvaro Cunqueiro

Álvaro Cunqueiro's Recovered Poetry

Xosé-Henrique Costas / Manuel Forcadela
(coa colaboración de Iago Castro Buerger)

(Universidade de Vigo / Universidade de Vigo / IES Val Miñor
xcostas@uvigo.es / mffft@uvigo.es / buerger@edu.xunta.es)

Data de recepción: 05/02/2021 – Data de aceptación: 13/07/2021

Resumo: Neste artigo entregamos os primeiros poemas escritos por Álvaro Cunqueiro, aos seus 16 e 17 anos, e recuperamos uns corenta poemas ou borradores de poemas que estaban ciscados en follas soltas, folletos e diarios íntimos. En total, achegamos máis de medio cento de poemas, esbozos e borradores poéticos de entre os anos 1928-1940 que constitúen os alicerces do seu universo poético e literario. Son escouras, estelas, ferramentas, tallas inacabadas, pezas iniciadas e serraduras estradas polo chan do obradoiro dun rapaz que soñaba con ser poeta.

Palabras chave: Álvaro Cunqueiro, poesía recuperada, literatura galega.

Sumario: 1. Limiar. 2. 171 poemas recuperados e editados en diversas publicacións nos últimos 30 anos. 2.1. 67 poemas na edición de 1991 de *Herba aquí ou acolá*. 2.2. 30 poemas máis na edición de *Poesía 1933-1981* (2011). 2.3. 11 poemas anteriores a 1933 publicados en *Animal* (1991) e *Grial* (2011). 2.4. 5 poemas do libro soñado/esbozado *Adolescencia no inverno* ou *Adolescencia i-outros tempos inútiles*. 2.5. 8 poemas populares no libro de Mayán Fernández sobre O Pallarego (1991). 2.6. 50 poemas apócrifos publicados como traducións no *Faro de Vigo*. 3. 53 poemas inéditos recuperados nos últimos dous anos. 3.1. 21 poemas do *Caderno* de 1928. 3.2. 3 poemas mecanoscritos. 3.3. 18 poemas manuscritos. 3.4. 4 poemas de Bos Aires (1928-1932). 3.5. 6 poemas esfarrapados e versos esfiañados. 4. O obradoiro ao descuberto dun poeta adolescente. 5. Criterios lingüísticos harmonizadores desta poesía rescatada. 6. Arelas e beizóns. 7. Os textos poéticos inéditos en poemarios agora reproducidos. Referencias bibliográficas.

Abstract: In this article we present the first poems written by Álvaro Cunqueiro, at the age of 16 and 17, and we recover about forty poems or drafts of poems that were scattered in loose leaves, booklets and personal diaries. In total, we present more than fifty poems, poetic sketches and drafts from the years 1928-1940 that form the foundations of his poetic and literary universe. They are slag, stelae, tools, unfinished carvings, sketches of pieces and sawdust scattered around the floor of the workshop of a boy who dreamed of becoming a poet.

Keywords: Álvaro Cunqueiro, recovered poetry, Galician literature.

Contents: 1. Introduction. 2. 171 poems recovered and edited in various publications over the last 30 years. 2.1. 67 poems in the 1991 edition of *Herba aquí ou acolá*. 2.2. 30 more poems in the 1933-1981 edition of *Poesía 1933-1981* (2011). 2.3. 11 poems prior to 1933 published in *Animal* (1991) and *Grial* (2011). 2.4. 5 poems from the dreamed/sketched book *Adolescencia no inverno* or *Adolescencia i-outros tempos inútiles*. 2.5. 8 popular poems Mayán Fernández's book on *O Pallarego* (1991). 2.6. 50 apocryphal poems published as translations in *Faro de Vigo*. 3. 53 unpublished poems recovered in the last two years. 3.1. 21 poems from the 1928 *Caderno*. 3.2. 3 typewritten poems. 3.3. 18 handwritten poems. 3.4. 4 poems from Buenos Aires (1928-1932).

3.5. 6 ragged poems and frayed verses. 4. The open workshop of a teenage poet. 5. Harmonizing linguistic criteria of this rescued poetry. 6. Wishes and blessings. 7. Unpublished poetic texts in the poem books reproduced here. Bibliographic references.

A Darío Xohán Cabana, amigo e cunqueirófilo, in memoriam

1. Limiar

En 1984, cando eramos alumnos do profesor Anxo Tarrío en 5º de carreira, comezamos os traballos de compilación das colaboracións en galego de Álvaro Cunqueiro das páxinas de *La Noche* e do *Faro de Vigo*. Durante bastantes tardes en Santiago de Compostela e moitas mañás dos sábados de moitos meses en Vigo baleiramos todo o que houberse publicado en galego polo mindoniense neses xornais. Revisamos arredor de 10.000 exemplares e neles achamos máis de 60 poemas galegos inéditos en libro, varios centos de artigos en galego e uns oitocentos poemas traducidos por Cunqueiro de case catrocentos poetas de cincuenta sistemas literarios diversos. Expurgamos e compilamos material moi valioso e, por riba de todo, descubrimos un autor que a través dos seus pseudónimos puxera en cada verba moito amor pola vida.

Os froitos desta primeira descuberta daqueles materiais cunqueirianos a durmiren na hemeroteca do *Faro de Vigo* e espaxados por milleiros das súas páxinas, foron en 1991 a selección de artigos xornalísticos para o tomo cuarto da *Obra completa en galego. IV. Ensaio* (Cunqueiro 1991a) e, tamén nese mesmo ano, a edición do poemario *Herba aquí ou acolá* (Cunqueiro 1991d) coa engádegas de 67 novos poemas recuperados dunha ducia de revistas e xornais, maioritariamente do diario vigués.

A materialización do achado daqueles poemas cunqueirianos atopados no limbo das hemerotecas, á parte dun traballo para o profesor Tarrío en 1985, foi a edición de *Herba aquí ou acolá* con 67 novos poemas recuperados dunha ducia de revistas e xornais, fundamentalmente do *Faro de Vigo*. O noso traballo como investigador en dialectoloxía e sociolingüística nunca nos empeceu traballar por puro pracer e devoción na recuperación deses valiosos materiais para a comprensión do macrotexto cunqueiriano.

En 1998 veu estudar Filoloxía Galega na Universidade de Vigo Iago Castro Buerger, quen quixo investigar sobre a alofonía fantástica de D. Álvaro e, grazas a esa cunqueirofilia común, empezamos a traballar xuntos na procura e publicación de máis materiais de Cunqueiro. Das nosas anxeiras naceron os volumes *O mundo que teño de meu. Artigos en lingua galega. Prensa e revistas 1930-1981* (Cunqueiro 2013); *No obradoiro do fabulador. Artigos en galego no Faro de Vigo 1963-1971* (Cunqueiro 2017) e *No obradoiro do fabulador. Artigos en galego no Faro de Vigo 1972-1982* (Cunqueiro 2019). Neles quixemos compilar e clasificar todos os artigos en galego de Cunqueiro dunha vintena de xornais.

As edicións froito da colaboración entre Costas / Castro foron acompañadas no tempo da saída en 2011 do volume poético das producións líricas de Cunqueiro no período 1933-1981 (Cunqueiro 2011). Galaxia editara en 2004 un

volume coa produción poética do período 1932-1933 que consistía na reedición conxunta dos poemarios *Mar ao norde*, *Cantiga nova que se chama riveira* e *Poemas do si e do non*, que en total supuñan a reedición conxunta de 70 poemas dese período (Cunqueiro 2004).

En paralelo, e polo seu lado, Manuel Forcadela publicaba dous volumes sobre Cunqueiro cos que gañaría diversos premios de ensaio: *Diálogos na néboa, Alvaro Cunqueiro e Ramón Piñeiro na xénese da literatura galega de posguerra* (Forcadela 2005)¹ e *Mecánica da maxia. A ficción e ideoloxía en Alvaro Cunqueiro* (Forcadela 2009)², e acreditaba así os seus coñecementos sobre a obra literaria do mindoniense.

Xa que logo, o volume de 2011 coa poesía de 1933-1981 consistiu na reedición dos poemarios *Dona do corpo delgado* (1959) e *Herba aquí e acolá* (1980), con 14 e 29 poemas orixinalmente, xunto cos 67 poemas que se lle engadiran á edición de *Herba aquí e acolá* (1991) e á que agora, nesta nova edición, aínda se lle amecían 30 poemas máis (Cunqueiro 2011). Esta trintena nova de poemas tiráranos Costas / Castro de moi diversas procedencias: letras de partituras musicais, poemas escritos en papeis soltos, inéditos en mans de amigos do poeta e, fundamentalmente, de variadas revistas e xornais que viran a luz nese longo abano cronolóxico, 1933-1981. É decer, no volume de 2011 reproducíanse 43 poemas publicados en dous libros en vida do autor, xunto con 97 poemas inéditos en libro en vida deste. O corpus poético de Cunqueiro inzara deste xeito ata os 210 poemas publicados en libro.

Daquela Costas / Castro tiñan fichados tamén 14 poemas inéditos en libro dos anos 1930-1932 que, por cadraren fóra do período abranguido da edición (1933-1981), non foran incluídos nela. Algúns destes poemas apareceran anteriormente nos números 1 e 2 de *Animal* (Costas 1991) e todos 14 foran reproducidos no número 192 de *Grial* (Costas / Castro 2011: 134-139).

Coa nosa edición na rúa, soubemos que no libro de Mayán Fernández (1991) aparecían algúns poemas de tipo etnopopular (maios, panxoliñas etc.) dos que coñeciamos algún moi parcialmente. Do mesmo xeito descoñeciamos que na edición facsimilar da revista *Galiza*, que da man de Alonso Girgado publicara o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades en 1999, aparecían ao final tres poemas manuscritos e inéditos. E tampouco soubemos que en 2004 no número 102 do *Sermos Galiza*, nun artigo titulado «Cunqueiro inédito», dábanse a coñecer dous poemas e un debuxo de Cunqueiro que apareceran nunhas curiosas circunstancias. Así o explicaba a noticia de Redacción:

Unha boa amiga e suscritora deste medio agasalounos, fai catro meses, cunha morea de fotocopias que se corresponden con feixes de documentación anterior a 1936 que apareceron en riba dunha trabe, vai para seis ou sete anos, nunha construción anexa á casa familiar dos Cunqueiro na Praza de Mondoñedo.

¹ Premio Ramón Piñeiro de Ensaio 2005 e premio da AELG de Ensaio 2005.

² Premio da Crítica Galicia 2010 na modalidade de Ensaio e Pensamento.

O fondo documental, nun estado de conservación máis que deficiente polo rigor do paso do tempo, da climatoloxía e tamén do alpendre onde se atopaba, o que dificulta a súa lectura, divídese nun primeiro bloque que recolle diversos escritos e debuxos de Álvaro Cunqueiro, nun segundo que acolle obra e correspondencia das amizades, e dun terceiro que se corresponde con documentación orgánica do Partido Galeguista e do nacionalismo galego en xeral. (Morán Fraga 2014: 26)

É decer, nós fixemos a edición da poesía de 1933-1981 sen coñecer a existencia desta ducia de poemas que foran publicando Mayán Fernández, Alonso Girgado e Morán Fraga. Posteriormente, no volume *Mondoñedo literario* de 2014 e da autoría de Armando Requeixo Cuba, este descóbrenos dous novos inéditos: os poemas «Ela, que se chamaba Pilar» e o poema tradicional-popular que el titulou «O poema e a súa xeografía». Había, xa que logo, unha ducia de poemas que nos escaparan na edición de 2011 (Cunqueiro 2011).

En xaneiro de 2019 soubemos que César Cunqueiro ía doar á Fundación Penzol un importante fondo con moita documentación do pai. Fomos á Penzol e puidemos consultar unha serie de arquivos e carpetas onde descubrimos o que para nosoutros foi «O tesouro de Cunqueiro na Penzol».

Soubemos tamén que unha parte desta documentación (cartas, fotos, textos orixinais, poemas, debuxos, contos, documentación política, textos variados, borradores de todo tipo) aparecera na casa de Cunqueiro, onde hoxe está a Casa Museo. César Morán Fraga supuxo en *Sermos Galiza* 102 (2014: 27), que, por medo á represión, Cunqueiro agocharía aquela documentación despois do golpe de 1936:

...nesa época Cunqueiro era non só galeguista senón que simpatizaba cos arredistas, por se a palabra independentista é demasiado forte. Cunqueiro tivo un medo atroz cando viu que os seus amigos ou eran asasinados ou se tiñan que exiliar. Debeu agarrar pánico.

Así e todo, ademais disto, foi moi importante a cantidade e calidade de materiais que depositou César Cunqueiro na Penzol. Neles apareceron moitos borradores de poemas manuscritos, versos que nunca antes viran a luz e, sobre todo, apareceu un caderno de tapas duras que tiña escrito na portada «Notas. Apuntes. Fechas. Datos. Álvaro Cunqueiro Mora, de la Facultad de Filosofía y Letras. 1928».

Este *Caderno* foi como descubrir un oculto e primeiro obradoiro do noso autor, un espazo físico en que achamos lascas, serraduras e estelas a modo de versos soltos espallados polo chan das follas do *Caderno*; esculturas poéticas toscas e mal labradas de poeta noviño; esculturas inacabadas e outras apenas iniciadas; a mesma peza ensaiada varias veces; esculturas líricas a imitación doutros autores admirados, Baudelaire, Teixeira de Pascoaes, Noriega, Lorca; restos de ferramentas; antigos calendarios; po e penumbra naquela estancia. Abrimos as fiestras do obradoiro despois de 90 anos e coa luz descubrimos iso. Entre as páxinas do *Caderno* podíamos achar nel ata tres ou catro versións diferentes dunha mesma estrofa; podíamos ver á marxe dun poema columnas de palabras

que rimaban entre elas en consonancia para escoller a palabra axeitada; podíamos enxergar palabras riscadas, versos eliminados pero aínda lexibles; podíamos comprobar en resumo como ía medrando o excelso poeta e como ían nacendo os poemas, como o escultor lírico tallaba os seus versos e estrofas en pedras ou en madeiras de distintas texturas con maior ou menor fortuna, como coa materia lingua aquel artista adolescente cicelaba os seus poemas primeiros.

Á parte do *Caderno*, na documentación da Penzol achamos tamén 3 poemas mecanografados, 18 poemas manuscritos en follas soltas e 6 poemas incompletos manuscritos en follas soltas, mais, por estaren en follas rotas ou rilladas con partes ilexibles, non os demos reconstruído completos, e iso que algúns deles teñen varias versións dunha mesma estrofa. Alén disto, espaxados polas follas do *Caderno* hai frases poéticas ou versos soltos inconexos, simples anotacións fugaces, escoura lírica dun humilde obradoiro artesanal de alguén que en poucos anos sería un verdadeiro ourive da palabra.

Varias foron as novidades deste monllo de máis de meo cento de poemas descubertos, de entre as que sobrancearemos como anticipo a de comprobarmos como comezaba a versificar un poeta adolescente e logo vintelo coas súas dúbidas nas rimas e nas escollas léxicas, coa súa impericia inicial na métrica etc., e, de maneira abraiante, descubriremos tamén como antes do Cunqueiro vangardista e popularista dos tres poemarios de preguerra ou dos poemas en *Vallibria* ou *Galiza*, houbo un tímido Cunqueiro modernista, un estudante de Letras en Santiago de Compostela seguidor de Rubén Darío (e de Cesáreo Verde e Baudelaire) do que non tiñamos coñecemento ata o de hoxe. Sorprendeunos moito achar este Cunqueiro noviño adorador do modernismo rubendariano, sobre todo porque Cunqueiro anos despois rexeitou esta etapa, iniciática en todo caso, ao afirmar nun artigo³ de 1974:

En diversas etapas, éramos varios los poetas –cada uno por su lado y en su surco, Manuel Antonio y Pimentel, Amado Carballo y Outeiro Espasandín, Iglesia Alvaríño y Carballo Calero, Bouza-Brey y servidor– los que queríamos sacar a la poesía gallega de la «cocina» en la que la habían metido los poetas de comienzos de siglo, costumbristas, modernistas, simbolistas, saudosistas, diminutivistas, etcétera, de los cuales los más notorios eran los citados Noriega y Cabanillas.

Ese «sacar da cociña» coidamos que debía significar a superación da etapa da poesía galega capitaneada por Noriega e Cabanillas, mais o propio Cunqueiro sabe que é debedor consciente desta «cociña» saudosista, costumista, popularista e... mesmo modernista⁴, por máis que axiña se adscribise e practicase a poética vangardista eslumado pola luz do potente faro de Manuel Antonio.

³ «Paul Éluard en Compostela», en *El Noticiero Universal* de 10/12/1974, pág. 38.

⁴ Desde ben novo, Cunqueiro ás veces manifestou que os seus poemas non tiñan moito valor e mesmo na súa idade madura tamén o deixou por escrito varias veces, por exemplo ao se referir aos poemas denominados do «Ciclo das viaxes», pois todo eran segundo el «alevíns ou embrións de poemas» [sic]: «son poesía de ocasión, pero toda poesía é de ocasión, i-asedade tratan da soedade do home, do amor e da morte, o que é o pan de

2. 171 poemas recuperados e editados en diversas publicacións nos últimos 30 anos

En vida, Cunqueiro publicou cinco poemarios (aínda que *Herba aquí e acolá* apareceu por vez primeira dentro do volume I da obra completa en galego) cun total de 113 poemas. Nestes últimos 30 anos téñense recuperado arredor de 180 poemas e fragmentos ou poemas incompletos que nunca foran publicados en libro en vida do mindoniense. A estes deberíámoslles engadir os «poemas apócrifos» e os poemas en paradoiro descoñecido que se descubriron na casa do poeta cando a venderon, os poemas enviados en cartas a amigas e namoradas ou outros, co cal, cando se faga a edición da desexada obra poética completa, poderíamos estar a falar de máis de 400 poemas en galego que nos legou Álvaro Cunqueiro.

2.1. 67 poemas na edición de 1991 de *Herba aquí ou acolá*

Na edición de *Herba aquí ou acolá* (Cunqueiro 1991d), aos 29 poemas da primeira publicación deste poemario, inserido no tomo I da *Obra completa en galego* (Cunqueiro 1980), engadíranselle 67 poemas nunca antes editados en libro ningún, poemas tirados principalmente das páxinas do *Faro de Vigo*, mais tamén doutros xornais e revistas como *El Correo Gallego*, *A Nosa Terra*, *Mensajes de Poesía*, *Nós*, *Nordés*, *El Progreso* ou *Alborada*. Quedaba así un volume de 96 poemas.

2.2. 30 poemas máis na edición de *Poesía 1933-1981 (2011)*

No ano 2011, Costas / Castro deron a coñecer un volume que contiña, á parte da reedición de *Dona do corpo delgado* (14 poemas) e *Herba aquí e acolá* (os 29 poemas da edición de 1980), outros poemas do noso autor espaxados en publicacións periódicas nun abano cronolóxico abranguido entre os anos 1933 e 1981 (Cunqueiro 2011). En total, á parte dos 67 poemas xa engadidos na edición de 1991, os compiladores localizaran 30 poemas novos máis, que nunca se publicaran en libro e que quixeron incluír no «libro» ou apartado final deste novo volume

tódolos días» (1966), «son borradores. O pouco que valen ben o sei eu mellor ca ninguén. “Poderías gardalos!”, diríase un calquera. Pro, son recordos, diríalle eu» (1975), «son borradores de poemas que precisarían de retoque e perfección. Pro servidor gusta de dalos así, según naceron do meu maxín, e tamén no meu corazón» (1976). Véxase Cunqueiro 2011: 289-290 e 294. Ou, postumamente, nunha entrevista con César Antonio Molina publicada en *Pueblo* o 07/03/1981 onde chega a confesar: «Siempre escribí montañas de poemas, pero los he roto casi todos [...]. Tengo cierto pudor ante la poesía. Me parece que todo lo que escribo no vale nada».

(*Outros poemas*). Xa que logo, na edición de 2011, no apartado *Outros poemas* Costas / Castro incluíran 97 pezas líricas asinadas por Cunqueiro, fundamentalmente como Manuel María Seoane (MMS) e Álvaro Labrada (AL)⁵.

2.3. 11 poemas anteriores a 1933 publicados en Animal (1991) e Grial (2011)

Para estaren por fin recollidos nun libro, na edición de 2011 quixemos meter como apéndice un monllo de poemas que fomos expurgando de publicacións diversas anteriores a 1933 (*Galiza, Resol, Vallibria, Papel de Color* etc.), e que xa publicáramos nos números 1 e 2 de *Animal* (1991). Porén, Galaxia considerou que por cronoloxía (1933-1981) non deberían figurar nesta edición, polo que decidimos «lembralos» en paralelo na revista *Grial* (2011)⁶.

2.4. 5 poemas do libro soñado/esbozado Adolescencia no inverno ou Adolescencia i-outros tempos inútiles

Na parte final da edición facsimilar da revista *Galiza* inclúense tres poemas manuscritos inéditos de Cunqueiro que nós descoñeciamos e que, por iso, non incluíramos na nosa edición de 2011. Son tres poemas sen título. Segundo Armando Requeixo, «deixou escrito no fondo dun pequeno caderno tres poemas aos que antepuxo a cabeceira *Adolescencia no inverno* nun primeiro momento e derradeiramente a de *Adolescencia i-outros tempos inútiles*». Dous destes tres poemas foron publicados na edición facsimilar de *Galiza* (1930-1933), «Outono» e «Pola ribeira sen sono», e o terceiro, «Ela, que se chamaba Pilar», foi dado a coñecer por Requeixo Cuba (2014) no volume *Mondoñedo literario*. En *Galiza* aparece tamén un poemíña solto inédito, unha estrofa popular.

⁵ Ademais destes pseudónimos e siglas, tamén empregou para artigos e traducións as máscaras onomásticas de Patricio Mor (PM), Patricio Moirón, Benito Moirón, Benito Sar, Marcos Tapley, Mark Tapley, S.Seoane (SS), César Cunqueiro (CC), Cristóbal Xordán (CX), Cristóbal Jordán, Xoán Berenguer, D. Berenguer, Ariel García, Benito Arteaga Masma, Patricio Mindonio, Pedro Miranda, Carlos Sobrado, Fernando Mon, Al Farish ibn Iaqhim al Galizí, Felipe de Amancia, Manuel Dafonte, Pedro Mateo, Manuel Bretoña e Claudina do Xardín.

⁶ Volvémoslos reproducir aquí para insistirmos na súa fermosura e na inxustiza de non apareceren aínda recollidos en libro ningún. E de paso clamamos no deserto unha vez máis pola edición dunha *Obra Poética Completa* digna de tal nome.

2.5. 8 poemas populares no libro de Mayán Fernández sobre O Pallarego (1991)

No libro de Francisco Mayán Fernández sobre o músico e barbeiro Manoel Ledo «O Pallarego» recóllense oito poemas de maios e nadal escritos por Cunqueiro para seren recitados pola filla do Pallarego ou cantados pola rondalla «El Eco» que este dirixía. Son: «Paxoliña pra que a diga e cante Remediños Ledo Vizoso», «Villancico pra que o diga Remediños Ledo Vizoso», «Versos que ha decir Remediños Ledo» –estes tres son máis ben recitados en verso ca poemas propiamente ditos–, «Regueifa de todo o tempo», «Romanciña de D. Maio», «Ao señor Maio», «Canto» e «Cantigas dos arrieiros». Estes dous últimos si que os recolleramos no noso volume de 2011 cos títulos de «Canto [de berce]» e «Canción de arrieiro», non así os tres anteriores. Entre os farrapos de poemas achados na Penzol encóntanse estrofas a meo compor deses tres poemas non recollidos: «Romanciña de D.Maio», «Ao señor Maio» e «Regueifa de todo tempo», que incluiremos nas súas versións íntegras e finais despois dos fiaños.

2.6. 50 poemas apócrifos publicados como traducións no Faro de Vigo

Entre 1964 e 1980 Cunqueiro agochou moitos orixinais seus en supostas traducións de poetas inexistentes. Logo de 30 anos de comprobacións entre Xesús González Gómez (Cunqueiro 1991c e González Gómez 1984, 1990 e 2019) e nós –cada un polo seu lado– duns curiosos poetas dos que non achabamos noticias por ningures, puidemos verificar que 42 deles nunca existiran. En febreiro deste ano, como edición conmemorativa do XL cabodano do noso autor, publicamos na Universidade de Vigo *Cunqueiro XL*, unha edición de 50 poemas apócrifos deses 42 poetas estranxeiros tan descoñecidos que se revelaron inexistentes⁷ (xa no *Caderno* 1928). Temos, secasí, 50 poemas novos de Cunqueiro, a maioría excelentes, e estamos na pista doutra media ducia de poetas que tampouco achamos por ningures e dos que non teñen idea moitos especialistas en cadanseus sistemas literarios, vates dos que aínda non podemos certificar nada. Tamén neste eido queda moito por peneirar entre as 800 traducións poéticas que fixo Cunqueiro e que, pola súa calidade, quixerían publicadas.

⁷ Igual que verificamos xa que certo tradutor do árabe ao castelán do poema «Camino de las estrellas blancas» que aparece na páxina 55 do *Caderno* de 1928, Ahmed-Bhen-al-Fakirí, é inexistente. Grazas ao *Caderno* de 1928, sabemos logo que con 16 ou 17 anos Cunqueiro xa iniciara este xogo de apócrifos.

3. 53 poemas inéditos recuperados nos últimos dous anos

Falamos agora dos 53 poemas, borradores e fragmentos achados nos últimos dous anos na Fundación Penzol e inéditos en publicacións. En moitos destes poemas recuperados non pretenda atopar poemas excepcionais o cunqueirólogo ou o cunqueirófilo, porque moitos son esbozos poéticos dun adolescente entusiasta, cultísimo e namorado, pezas inacabadas ou simplemente iniciadas. Así e todo, no meo deles tamén achará algúns poemas sublimes, estrofas redondas e versos vibrantes e brillantes que nos anuncian a inminente eclosión do poeta excelso que axiña sería.

3.1. 21 poemas do Caderno de 1928

Os 21 poemas numerados nesta edición do 1 ao 21 son borradores manuscritos tirados do *Caderno* de 1928 reproducidos por orde de aparición de cada poema. Cando apareza o signo ===== xebrando o poema queremos indicar que comeza outra versión do mesmo poema ou dalgunha estrofa, pero que esta versión foi achada nunha folla diferente do caderno (rara vez na mesma). Tamén apareceron no *Caderno* os «poemas esfarrapados» ou esfiañados que poñemos a modo de apéndice, farrapos de poemas, poemas ilexibles na súa totalidade, versos soltos etc.

Os poemas que aparecen en cursiva son estrofas tradicionais copiadas por Cunqueiro neste caderno, aínda que sospeitamos que algúns versos ou estrofas soltas poidan ser re-creacións do noso autor dun orixinal tradicional, sobre todo para os poemas de corte popularista no ronsel de Noriega Varela. Esta dúbida da autoría fai que non os consideremos (aínda) dentro dos poemas rescatados. Cando algún poema non teña título empregaremos o primeiro verso para o recoñecer.

Velaí o contido do *Caderno* comezado en agosto de 1928, cando Cunqueiro tiña 16 anos. Aínda que haxa algunha nota con data de 1932, a maioría dos poemas e anotacións son dos anos 1928 e 1929:

Páx. 2. Poema «Oración ao Recordo de Ela» (cuartetas) (29/09/1928) e con variacións.

Páx. 3. Variacións de dúas das quartetas do poema anterior.

Páx. 4. Poema que comeza co verso «Branca coma unha rosiña» e un borrador dunha carta con data «Octubre de 1928» (10/10/1928): «Tenía razón Gustavo de la Chapelle al llamar a los poetas tontos y pesados. Menos mal que somos unos animalitos inofensivos [...]».

Páx. 5. Unha estrofa popular, «*Naceu aló na montaña / nunha alegre primaveira / veuse criar á Mariña / e por iso é falangueira*», aínda que non podemos desbotar que fose unha recreación de Cunqueiro porque non a demos achado en ningún cancioneiro popular dos consultados.

Páx. 6. Poema que comeza «Que prácida a dozura daqueles cemiterios».

Páx. 7. Esbozo de poema titulado «Crepúsculo».

Páx. 8. Poema «A nebra envolve as torres». «Para Élida, página de mi diario nuevo», carta-conto cun poema en castelán.

Páx. 11. Estrofas populares. Non sabemos se son tradicionais ou (algunhas) foron (re)creadas:

*Ao pé da túa ventana
están os mozos da aldea
o que non ladra rabea
por esa cara galana*

*Home feo e sen diñeiro
enamorado e celoso
chámanlle na miña terra
a «Carabina de Ambrosio»*

*Chamácheme «pito choco»
porque nacín en xaneiro
se o raposo non me come
hei de rubir ao poleiro.*

*O meu corazón che mando
cunha chave para o abrir
nin eu teño máis que darche
nin ti máis que me pedir.*

Páx. 12. Poemas «Coñecinte nun verso mui triste», «Xunto ao cruceiro de pedra» e outros versos soltos. Máis estrofas tradicionais ou imitación de tradicionais, popularistas.

*Indo a corre-las San Lucas
unhas nenas da montaña...*

*Indo as San Lucas correr
unhas rapazas valecas...*

*Coma unha pombiña branca
coma unha pomba xentil
é a rapaza por que peno
porque peno desque a vin.*

*Os solteiros valen ouro
os viúdos valen prata
os casados calderilla
e os vellos folla de lata.*

Páx. 13. Máis estrofas tradicionais: tres formando parte dunha cantiga e outra solta coñecida.

*Rapaza dáme un biquiño
antes que de ti me aparte
que eses labiños de rosa
inda non sei como saben.*

*Con mil amores cho dera
mais teño que confesarme
e moita vergonza fora
ter un pecado tan grande.*

*Pois confésate Marica
que cando casar nos casen
non che han de valer meniña
nin confesores nin frades*

*Teño unha dama nos Portos
outra no Ribeiro de Avia
se a dos Portos é bonita
a do Ribeiro lle gaña.*

Páx. 14. Inicio da farsada supra-realista «Non era el!» con prólogo, dous actos e epílogo, de «Álvaro C. Mora», no anverso e reverso. Poema que comeza «Tiña o seu niño...» e un inicio doutro titulado «Madrigaes curtos á miña moza» do que hai máis borradores nas páxinas 15 e 25. No reverso da páx. 14 aparecen dous versos deste poema que están no borrador da páx. 25.

Páx. 15. Versión do poema anterior. Chama a atención que á marxe da páxina figure unha columna de palabras que riman (*moza, garimosa, rosa, celosa, chorosa, olorosa; Primavera, toxeira, reideira, roseira, tristeira, beira; e ceio, desejo, prega, leva*).

Páx. 16. Poema «Motivos I» e algúns outros versos soltos. A sinatura pon «XIX-X-XXVIII, AL-CUN-MO», 19 de outubro de 1928.

Páx. 17. Poema en castelán «Asunto» de 16 versos, é unha carta en verso. Borrador do poema «Mariñeiros». Borrador do poema «Daquel vento que nas ponlas dos pinares», de 18 versos, dos que só son lexibles os cinco primeiros.

Páx. 18. Poema «Mariñeiros».

Páxs. 19-20. Poema en castelán e carta en verso, anotacións variadas, esbozos de conferencias.

Páx. 21. Poema «Fantasía triste» (15/10/1918) dedicado a Rubén Darío.

Páx. 22. Poema en castelán «Mondoñedo ya es octubre».

Páx. 23. Esbozo dun anuncio dun circo.

Páx. 24. Poema «Xa vivir é pecado». No reverso hai un esbozo dunha presentación de Vicente Risco. Asina a presentación «Lois de Lobeira» «polas Xuventudes Nazionalistas Galegas».

Páx. 25. Poema «Eu sinto agora cousas», do que hai un borrador na páx. 27. Tamén unha versión ou borrador do poema «Madrigaes curtos á miña moza».

Páx. 26. Poema «Ate hoxe as fontes cantan», de 29/08/1928.

Páx. 27. Outro borrador do poema «Eu sinto agora cousas».

Páx. 30. No reverso hai un borrador inicial do poema «Motivos para un soneto».

Páx. 31. Poema «Motivos para un soneto». No reverso está o poema «iFilla do Prata azul!».

Páx. 32. «Motivos» versos soltos en español, a Mondoñedo e a un amor.

Páx. 33. Poema «Motivos II».

Páx. 34. Versos soltos en galego. No reverso da páx. 34 hai un borrador do poema «Invocación».

Páx. 35. Poema «Invocación» en seis cuartetas. No reverso comeza un borrador de carta a Leonardo, 25/01/1929, que continúa no anverso e no reverso da páx. 36.

Páx. 36. Carta a Leonardo, en castelán.

Páx. 37. Borrador de carta ao xornal galego arredista de Bos Aires *A Fouce* (con data de 1932). Na páxina 40 hai outro borrador desta carta asinada por sete persoas, unha delas Cunqueiro.

Páx. 43. Poema en castelán «Eras una monada, pensativa y bella». No reverso da páx. 43 e na páxina 44 achamos o inicio dun borrador para unha obra en castelán, *Pobres humildes*, unha farsa en verso e prosa nun acto co seu prólogo.

Páx. 45. Poema en castelán «¡Qué tristeza, que aflicción!».

Páx. 53. Poema «Hoxe chegueime ao mar dende a montaña».

Páx. 54. «Helak, poema bárbaro en estilo actualista» dedicado a E.G.M. (Emma Gómez Morales). No reverso continúa coa versión do «poema bárbaro».

Páx. 55. Poema «Con Ella. De las Estrellas»; e mais o poema «Caminos de las estrellas blancas», de Ahmed-Bhen-al-Fakirí, traducido «del árabe» [*sic*] por Álvaro Cunqueiro Mora.

Páx. 56. Poema en castelán «Poema a una onza de chocolate».

3.2. 3 poemas mecanoscritos

Os tres poemas numerados do 22 ao 24 atopáronse en follas soltas mecanoscritas sen data. Algún deles («O crego») pode lembrar o Leiras Pulpeiro máis anticlerical, pero os outros dous agoiran xa, tan de cedo, a mellor poesía existencialista de Cunqueiro, a das sombras. Un deles é unha primeira versión inacabada do poema «Resucitado». Chama a atención que nesta primeira versión a amada non é a Francesca da Comedia senón a Cynara de Horacio, Cynara que tamén aparecerá como amada nalgún dos poemas apócrifos. A cronoloxía posible abrangue un abano temporal entre 1930 a 1940.

3.3. 18 poemas manuscritos

Neste apartado incluímos os 18 poemas numerados do 25 ao 43. Acháronse en follas soltas e inconexas en meo de todos os documentos e textos cunqueirianos depositados na Fundación Penzol pola familia. Os poemas numerados co 33, 39, 40 e 41 teñen a caligrafía inconfundible e delicada do Cunqueiro xa maduro, mentres que os outros catorce teñen aínda a letra crebada e irregular dun Cunqueiro vintelo, noviño, do autor do *Caderno*. O tempo en que foron compostos supomos que é a mesma franxa cronolóxica da dos poemas mecanoscritos, entre 1930 e 1940.

Como poema 41 está un borrador inacabado do poema «Favorábel prisión de sono» que mandou para publicar nun libro con debuxos de Seoane en 1935 e que finalmente se publicou en 1977. Neste borrador faltan os nove versos finais da versión definitiva e hai leves variacións nalgún verso respecto da versión final.

3.4. 4 poemas de Bos Aires (1928-1932)

Dous apareceron nun monllo de sete cartas en castelán datadas entre outubro de 1928 e novembro de 1932, cartas mecanoscritas ou manuscritas redactadas nunha prosa poética deliciosa («tu carta dormía su sueño azul de gaviota cansada sobre mi mesa», «eres un imposible muy bello, pero un imposible») dirixidas a Emma Gómez Morales e á súa irmá Élida, riopratenses fillas de mindonienses, e en case todas elas di que lles envía poemas. Destes poemas di o propio autor en carta do 10/10/1928: «Cada vez mis versos son más malos y más tristes. Somos muy pesados los poetas. Menos mal que somos también unos animalitos inofensivos».

De 03/12/1928 son os primeiros versos en galego nestas cartas, que nós titulamos «Ese idioma». Dous poemas máis estaban no número 136 da revista galega de Bos Aires *Céltiga* en 1930, que resultaron ser a 1ª e 2ª parte do poema «Algún día?...» cuxa versión inicial achamos nunha carta a Emma Gómez de 1929. Da lectura destas cartas deducimos que para Bos Aires deberon partir máis poemas. Quédanos mágoa dos poemas citados en carta de 04/12/1929 e aos que Cunqueiro se refería deste xeito:

Adjunto a esta carta unos cuantos versos, son pocos y malos [...] son unos cantares gallegos hechos sobre una música de un alalá popular en Pontevedra. Otro es una poesía que iba a ser soneto y se quedó en tres cuartetos, por causa de una maldita consonante...Nada más. Va en estos versos todo lo que con el alma quisiera decirte este pobre celta.

Por casos como este debemos ser conscientes de que recuperar toda a poesía de Cunqueiro pode ser unha empresa condenada ao fracaso, polo que só nos queda agardar a que, aos poucos, vaian saíndo á luz novos poemas que foi esporecendo aos catro ventos como follas de outono.

3.5. 6 poemas esfarrapados e versos esfiañados

Os seis poemas numerados do 59 ao 64 non están completos. Son fragmentos recuperados de follas rotas, rilladas ou furadas en que, por desgraza, xa non é posible ler o poema enteiro, nin sequera reconstruílo cando hai varias versións dese poema, todas elas en boa parte ilexibles. Son unha mostra dos poemas e borradores que fomos perdendo da vizosidade lírica cunqueiriana. Afortunadamente, tres deles estaban nas letras das partituras do Pallarego de maneira completa: «Regueifa de todo o tempo», «Romanciña de D. Maio», «Ao señor Maio».

O poema numerado co 65 é, en realidade, unha amálgama de oito versos achados en tres follas diferentes e inconexas (de catro, dous e dous versos). Incluímos aquí a modo de epílogo porque nos parecen versos fermosos e ben representativos do Cunqueiro galeguista e republicano, son versos popularistas

e outros vangardistas e intimistas, en todo caso apuntamentos para uns poemas non natos ou, cando menos, descoñecidos ou aínda non atopados.

O máis probable é que no futuro poidan aparecer máis poemas de Cunqueiro, tanto dos que andaban ciscados en mans de particulares en Mondoñedo despois da venda da casa, coma dos que Cunqueiro foi publicando aquí e acolá en revistas, xornais, inseridos en cartas ou en artigos (ou mesmo como letras de partituras ou en panos de mesa dun establecemento hostaleiro, como xa foi o caso); ou disfrazados de falsas traducións (inexistente o poeta e/ou inexistente o poema, e mesmo inexistente o tradutor), os posibles casos de alofonía fantástica que aínda se están a comprobar (Cunqueiro 2013: 15-21). Temos a impresión de que a compilación da obra poética completa de Cunqueiro será un labor sempre provisorio e inacabado.

4. O obradoiro ao descuberto dun poeta adolescente

Neste corpus de poesía rescatada non pretenda a lectora ou o lector meo cento de poemas excepcionais (como si o son os poemas apócrifos do volume *Cunqueiro XL*) porque non os achará. A maioría son poemas de adolescencia dun poeta entusiasta que fai os seus primeiros versos con dezaseis anos, son pezas inacabadas, outras simplemente esbozadas, algunhas repetidas con variacións... Así e todo, no meo desta sesentena de pezas tamén achará non poucos poemas sublimes, estrofas redondas e versos vibrantes e brillantes que nos anuncian a inminente eclosión dun excelso poeta, como así foi co decorrer dos anos.

Neste meo cento de poemas recuperados quererían feitas dúas partes diferenciadas: por un lado os poemas do *Caderno* de 1928 e 1929, escritos por un Cunqueiro de 16 e 17 anos, e pola outra os restantes, os (borradores de) poemas atopados en papeis soltos fóra do *Caderno* e que supomos escritos entre 1930 e 1940. En ambos os casos achámonos perante un corpus poético de, por unha banda, poesía inicial dun poeta adolescente, do poeta noviño que labra os seus primeiros versos na sementeira da súa poesía; e, pola outra, do poeta novo que vai sementando a súa poética persoal con inusitado talento, pouso e madurez.

No obradoiro do poeta adolescente, Cunqueiro organiza o fluír entre o imaxinario e o simbólico, ora reparando nos sentidos do escrito e avaliando as distintas formas de verbalización; ora artellando un pensamento que se adecúa ao seu xeito de decer, mais sempre construíndo un ton que harmoniza os matices, refinándoos, facéndose eco doutras poéticas e bebendo de fontes veciñas ou distantes, imitando sen o lograr e sendo orixinal sen o querer. O poeta, á escoita do eco de seu, coma quen olla o seu semblante nun espello e toma decisión, escolle.

O *Caderno* de 1928 e os poemas e borradores soltos son a pedreira e o obradoiro do poeta verdadeiro. Alí achamos anotacións de aprendizaxe,

apuntamentos, comentarios, recreacións, declaracións, brincadeiras, exaltacións políticas, confesións íntimas, glosas e inscricións. Pinceladas, toques, escolios e apostilas. E todo coa dignidade do poeta que se postula, que se sabe poeta, daquel que reconece no fondo de si mesmo que está sentenciado a esa condena, a ese destino.

Nestes primeiros poemas, o vate ten a palabra «alma» (e «ialma») como centro verbal, dá conta do intanxible, do incorpóreo, do inmaterial, do invisible. E a palabra «ollos» e a palabra «recordo» como núcleos dunha reflexión incipiente, así como a palabra «ela» como un fetiche. E o afán dunha melancolía que aínda non se ten

*Esas frores malditas, as frores do mal
as frores que cantaba Beaudelaire
con tristura tenra de anoitecer
¡Frores que querendo ser signo son unha sinal!*

Son os versos dun poeta adolescente, é Cunqueiro a querer escribir alexandrinos. A mención a Beaudelaire que asoma na cuarteta non é casual nin rebuscada. Podemos seguirlle o ronsel ao longo de todo o poema e noutros moitos lugares. Está a querer tocar a «música de Francia», que diría Rubén Darío.

Entre as notas soltas da documentación depositada por César Cunqueiro na Fundación Penzol, está unha nota manuscrita –que polo tipo de letra nosoutros encadramos entre 1933 e 1935–, en que o Cunqueiro novo, pero xa poeta consagrado, desvela algunhas das súas fontes literarias:

En 1929 escribo mis primeros poemas. Leo poetas franceses. Propendo a ser [...] y florido. Devoro libros, revistas. Sin pensarlo ya, en avalancha, de Rosalía y de Nerval paso a Guillén, Alberti, Lorca, Diego, Huidobro, Manuel Antonio, Paul Valery, Góngora, todo el XIX poético francés. Quedo un poco asustado. Garcilaso, Canzoneiros, Supervielle me ponen cabal. Juan Ramón y Teixeira de Pascoas me vienen muy bien. Salen «Mar ao Norde», «Cantiga nova», «Poemas do si e do non», conferencias sobre pintura, música, poesía.

A melancolía cunqueiriana dos poemas do *Caderno* e poemas soltos desta época asoma como dor por unha perda imaxinaria, o que certifica a súa natureza enteiramente libresca. Ese exercicio dos sonhos como realidade paralela e do soñado como complemento do vivido será un dos temas centrais en toda a obra do poeta mindoniense. E Gérard de Nerval, «je suis le malheureux, le voeuf, l'inconsolé», exemplo de alexandrino en lingua francesa, asoma en «Eu son un probe louco, probe e triste», con defectos de construción.

A linguaxe poética deste primeiro Cunqueiro –sobre todo dos poemas do *Caderno*– é diferente á que asomará, posteriormente, no seu primeiro libro, *Mar ao norde* (1933), polo que quererían comentadas as seguintes consideracións:

- Agás nos poemas do *Caderno* de 1928 e nalgúns outros poemas achados en follas soltas, prevalece o influxo de Manuel Antonio e a súa primacía

á hora de elaborar o discurso poético, fronte ao discurso de Cabanillas e a primacía da musicalidade. Cabanillas, non esquezamos, é autor dun poema, «Na noite estrelecida», feito en alexandrinos pareados que é unha mostra do rigor compositivo e formal no manexo do verso medido e do ritmo.

- Unha parte importante do estilo cunqueiriano ten orixe nestas primeiras tentativas, na medida en que a primacía do concepto lévaos a un formalismo de tipo imaxinista en que é o poder da imaxe e non o da música o que prevalece na súa relación coa lingua.
- O poeta novo Cunqueiro nace como imaxinista e non como músico, e isto vaise converter nun dos estilemas da súa obra: unha lingua brillante que renuncia ao ouvido para se centrar no semántico.
- No *Caderno* aparecen con forza e colorido ecos populares en non poucas estrofas ou cantares recollidos como anotacións ou refaccións e que non semellan ser da (completa) autoría do mindoniense. Nestas cántigas asoman temáticas, modos de enunciación, personaxes e perspectivas de focalización da denominada poesía popular(ista).
- Agroma tamén un eco de Noriega Varela e as súas *Montañasas* que o poeta adolescente debeu de frecuentar, autor do que semella admirar os temas do bardo vagamundo, que Noriega tomara de Pondal, e os bucólicos amores pastorís. Mais Cunqueiro, aínda que rende admiración ao poeta da montaña, axiña procurou outros horizontes poéticos ben diferentes.
- Hai, tamén, tentativas de se achegar ao saudosismo, no rego do cultivado por Aquilino Iglesia Alvariño. Porén, esta achega respira sempre dentro da atmosfera deixada pola depresión do realismo de finais do século XIX: simbolismo, saudosismo, creacionismo e surrealismo.

Existen poemas non publicados en libro en que a temática amoroso-elexíaca é predecesora da que vai continuar en *Poemas do si e do non* (1933), onde achamos, tamén, unha namorada evocada despois da morte. Lembremos que deste libro contamos cunha mostra que semella ser excedente ou precedente dos materiais que finalmente foron publicados nas súas páxinas. Referímonos ao poema «Craraboia», que comeza:

*Eu ando á beira da niña noiva romántica
que ten laranxas verdes
e un abano de paxaros
pra compor o cadro da súa fiestra tan cursi.
Que vaso naceu naquela goteira que toda a noite soa a vals?⁸*

⁸ «Craraboia» é un anticipo ou borrador inicial do «Poema 4: Ela» de *Poemas de si e do non* (1933).

É moi interesante o modo de enunciación lírica en primeira persoa que semella ser o predominante en todos estes poemas. O cronotopo do xardín ou da montaña sitúanos nun espazo-tempo idílico: o lugar da floración, o espazo en que ten lugar a mostra da maduración sexual.

Cómpre termos todo isto en conta porque o Álvaro Cunqueiro que se vai presentar en pouco tempo, a partir deste instante, é un Cunqueiro nada inxenuo verbo do papel primordial que xogan as voces enunciativas nun ton poético. Nin en *Mar ao norde*, nin en *Cantiga nova que se chama riveira* hai unha voz inxenua que, por un só momento, cre que está a ser a testemuña dunha alma ao xeito romántico. Outramente, o primeiro Cunqueiro maduro resulta ser moi permeable ao mandato vangardista do antisentimentalismo e do distanciamento, rompendo deste xeito co Cunqueiro poeta adolescente.

A afirmación que nos asegura a presenza do ego é «eu veño cantar». E velai a materia principal: a ligazón que se efectúa entre *eu* e *cantar*. Non hai un *cogito ergo sum* senón un *canto ergo sum*. *Cogito* e *canto*. O cantar como unha operación locuaz en que se xonguen os niveis intelectual e perceptivo.

En tempos dos *Veinte poemas de amor* nerudianos, de 1924, este primeirísimo Cunqueiro vaise afastando devagariño cara a dominios que procuran a mestría da enunciación poética e a fuxida da primacía acústica do verso, cousas que agromarán poucos anos máis tarde nos seus primeiros poemarios publicados.

Podemos percibir a evolución que leva a *Mar ao norde* (1932), o seu primeiro poemario, como nos poemas «Liña» e «Soma», datados no mesmo ano, en que a tensión nominalista e elíptica aparece sen solución de continuidade con ningún dos fragmentos precedentes. En claro paralelismo co poema inicial de *Mar ao norde*, desenvolvendo o mesmo esquema triádico que, no libro publicado, será *sol, sombra, sempre*:

Liña
Tres fatigas: arcos, homes, límites
Descansos –descensos– infinitos:
 auga,
 moza,
 arbre.

Unha cardinal da ialba
E outra –outo campo– de adolescenza soia.
Cadrado pano.

Cunqueiro xogando a ser creacionista, como, por exemplo, no poema «Nenos» de 1932, en que asistimos á enxurrada verbal manuelantoniana con centro na construción dunha imaxe polipétala e unha metáfora múltipla, empeñado agora, como bo creacionista, no acendido da súa máquina de significar:

*Os nenos teñen un anverso sentimental
pra esnaquizar a fuga distensa dos horarios.*

*Aquel home que leva aquela esquina sobre dos ollos
nunca puido ser neno.
Sábese polos ollos mesmos.*

*Os aramios foron inventados polos nenos
como a metafísica máxima dos soños encadeados.*

Os mesmos aramios de *Poemas do si e do non* de 1933, cualificado case sempre como poemario surrealista mais agora enxergado, tamén, como un texto de raíz manuelantoniana. Tres anos despois da publicación de *De Catro a Catro* (1928), Cunqueiro dialoga co poeta rianxeiro, xa falecido, e faino coas mesmas ferramentas implícitas: atención a todas as vangardas.

E algunhas destas mostras de excedentes de libros publicados son tan dignas que, a día de hoxe, non se entende que ficasen fóra das edicións finais dos poemarios de preguerra. Hai, por tanto, unha vontade esencialista, de *reductio*, de poda e decota dos ramallos da árbore do canto que debe ser minguada, harmonizada, nun exercicio de medida no aspecto final que contraste coa desmesura do propio verbo.

Cunqueiro amosa as súas credenciais como futuro creador de cronotopos inesquecibles e, asemade, móstranos tamén a súa xenealoxía, a súa procedencia. Nas *Crónicas do Sochantre* (1956), por exemplo, Cunqueiro deu cabida á súa especulación de décadas sobre os mortos errantes que compoñen a Estadea, que van asistir a unha representación de Romeo e Xulieta. Velaí os dous pólos que rexen unha e outra vez na configuración do imaxinario de Cunqueiro: Eros e Tánatos, principio de pracer e principio de morte.

*Que prácida a dozura daqueles cemiterios,
dos verdes cemiterios das aldeas,
onde teñen os fríos cativerios
as pantasma que forman a Estadea!*

Cunqueiro está a inventar o realismo máxico no centro da súa adolescencia combinando dous elementos culturais de procedencia ben diversa: por unha banda o influxo do simbolismo francés e europeo de fins do século XIX e, pola outra, a emerxencia dos estudos etnográficos e de representación da morte na cultura popular. Velaí, xa que logo, dous dos alicerces da formación de Cunqueiro e dous dos baseamentos dun dos seus modelos estéticos característicos: o realismo máxico.

Decíamos que nestes poemas tamén hai ecos de Baudelaire e de Gérard de Nerval. Os tropos dominantes son o do oxímoro e a sinestesia: cemiterios verdes, doces e plácidos. No silencio e por meo da fusión da percepción dos sentidos

(sinestesia) enumera as características do pracer (*prácida*) a través da visión (*verdes*), do padal (*dozura*) e do tacto (*fríos*). Poderíamos decer que sobrancea a percepción do pracer (que é sempre histórico e cultural, propio do Chronos) fronte ao gozo (que é sempre biolóxico e corporal, propio do Aión). E é un pracer epifánico (propio do Kairós) que se revela como unha chamada a vivir e a gozar dos praceres da existencia. Temos, secasí, ese «deus lúdico e coñón», como será definido Cunqueiro, xa en pleno funcionamento. Deus Ludens como o Deus creador do *Antigo Testamento*.

Hai, para alén disto, unha preponderancia do imaxinario sobre o real e sobre o simbólico, e unha vontade manifesta de ocupar os espazos dese imaxinario, que non é propio senón que é herdado da cultura libresca e da cultura popular. Cunqueiro fórmase en plena crise do realismo-naturalismo e xamais vai desertar desa posición estética.

O *Crepusculario* de Pablo Neruda é de 1919, de cando Cunqueiro tiña oito anos. Estamos nun tempo crepuscular que responde a un ambiente de final, de final de século, de final de época, de final de ciclo histórico. Asistimos ao final do Eu romántico e ao inicio do regreso freudiano ao suxeito. *A interpretación dos sonhos* é de 1900 e indica o punto de partida para ese cerco final que batía o ego en varias fronteas desde varias décadas atrás: histórico-social (Marx, 1848), biolóxico (Darwin, 1859), físico (Einstein, 1905), filosófico (Nietzsche, 1882).

Mentres todo isto ferve no mundo, na provincia mindoniense, alá nas terras dos bretóns de Maeloc, un Cunqueiro adolescente, voluntarioso e embrión de poeta, segue a ter problemas co ritmo das palabras e coa medida e ritmo dos versos. Quere facer alexandrinos pero o que lle sae é unha estrofa inicial con dous hemistiquios de oito versos («Cae a tarde. Paseniño / vai poéndose o Sol») en vez de dous hemistiquios de sete. E un segundo verso de nove máis sete («que refrexa nas augas verdes da horta do muíño»). Mais o poema vénse abaixo, perde vida por eses puntos suspensivos finais que certifican o fracaso da tentativa, pola impericia e a inexperiencia técnica que o propio poeta novo lle recoñeceu a Emma Gómez en carta de 04/12/1929: «es una poesía que iba para soneto y se quedó en tres cuartetos, por causa de una maldita consonante».

O Cunqueiro poeta adolescente dos seus primeiros versos encóntrase perante un dilema: por unha banda, séntese atraído pola maxia da rima e polo feito de que a palabra conteña eses ecos imprevistos que fan virar a atención de quen lea cara á forma; e, pola outra, móstrase inexperto no manexo da acentuación e do ritmo, e non chega a comprender que a virtualidade da rima xorde do ritmo e da habelencia para construír unha forma significativa que estableza un dobre sentido xunto co sentido semántico.

Hai, tamén, un paisaxismo que non chega a ser hилоzoísta, na medida en que os elementos naturais evocados (tarde, sol, hortas, muíño) non o son a partir de metáforas antropocéntricas. Non temos, secasí, nubes que choren nin ventos que xeman. O carácter de apuntamentos, de versos provisorios, de meras notas, sobrancea en todas as composicións.

Por descontado, o Cunqueiro primeirizo, seguidor de Noriega Varela, é vizoso en anotacións populares, fíos de tecidos que non chegan a ser textos, para seren lembrados ou, quizabes, glosados, nalgún momento futuro. Mais vese ben que a pulsión do poeta popular vai alén deses arroutos máis ou menos festivos ou enchoupados da ebriedade da celebración comunal. Tamén é perceptible que esa vontade de creación verbal choca cos impedimentos e pexas propios da tradición retórica e mesmo tematolóxica, de maneira que tanto tropos coma topos, figuras de dicción como temas e motivos, fican aínda á espera de seren desentrañados tal e como o fará o Cunqueiro posterior, cos seus adobios tan persoais e tan senlleiros. Acaso a presenza inmediata de Manuel Leiras Pulpeiro, poeta mindoniense moi dado á colleita de estrofas populares que logo empregará como un estímulo da propia minerva, actúe como un modelo de comportamento literario, aínda que nas prácticas textuais do Cunqueiro poeta adolescente estas estrofas se reduzan a mera mención, sen máis peso que o de subsistiren no mesto fondal das memorias.

Estes ecos perceptibles de Noriega Varela, ao que Cunqueiro lle comporá un famoso epitafio no derradeiro dos seus libros⁹, aparecen tamén na mención desas amadas da montaña semellantes ás flores das toxeias. Pero vese claramente que o percurso formal e conceptual de Noriega xa non pode ser do interese de Cunqueiro, por máis que valore os dotes do autor de *Do ermo*. Non podemos perder de vista este inicial influxo de Noriega sobre Cunqueiro, por máis que Noriega teña sido un autor esquecido, mal lido, peor entendido e por iso minuvvalorado pola crítica moderna, na medida en que ese cronotopo da montaña luguesa vai seguir estando na imaxinación cunqueiriana ao longo de toda a súa existencia e obedece, sen dúbida e entre outros motivos, a este coñecemento lírico e querenza persoal, como ben se demostra no breve poema titulado «Motivos», que semella un antecedente do principal discípulo de Noriega: Uxío Novoneyra.

Teimemos de novo na fascinación polo modernismo deste Cunqueiro poeta adolescente ou vintelo que o leva a lle dedicar un poema e varias mencións a Rubén Darío («teu nome é unha oración!»). Esta fascinación é evidente ao longo de todo o seu percurso como escritor multixenérico, mais non podemos esquecer que Cunqueiro estaba destinado a ser historicamente a superación estética do modernismo, de maneira que esta pregnancia non chega a ser fértil. Tamén o poeta modernista brasileiro Olavo Bilac comparece nestes versos iniciais de Cunqueiro, quen o debeu ler no orixinal.

⁹ «Perdoade cando esbardallei e finxín
Pro foi verdade que ameí a flor do toxo
e as pucharcas do monte,
que endexamais saberán das estrelas que as miran.
Con sombreiros novos cubrín meus desacougos
e morrín na beiramar sen despedirme
das uces, das queirogas, das folerpas de neve
das mozas da montaña e da montaña mesma,
que andará preguntando polo seu soñador» (Cunqueiro 2011: 193).

Mais hai moitos momentos, versos e estrofas, en que xa está presente o poeta do porvir, o Cunqueiro poeta incommensurable. Son anticipos, premonicións e visións que revelan, por unha banda, a madurez implícita do novo poeta e, pola outra, a fidelidade á propia mocidade do poeta maduro:

*Esa cana abaneada polo vento no deserto...
foi posta alí, no fonal das douradas areas,
coma unha pinga de orballo pousa na cunca das miñas mans,
testigo ela do vento coma eu son da ialba testemuña*

Asistimos deste xeito con gozo e abraio á (auto)construción dun poeta. Desde o seu mesmo centro de irradiación en espiral expansiva, a súa poesía emerxe das sombras coma unha laxe inmensa de petróglifos con varias espirais, labirintos e círculos concéntricos interferíndose ou rozándose, e esta cartografía espacial dos seus centros de interese, como todo gran panel petroglífico, cos seus navíos e cervas a brincaren polo meo das espirais.

Presenciamos o trémulo xermolar dun poeta, desde o lugar mesmo onde semella comezar a latexar un corazón fascinado pola representación do mundo na linguaxe. É este un percorrido en que acompañamos o poeta adolescente e vintelo nunha intimidade case corporal, como se estas breves anotacións no *Caderno* ou follas orfas con poemas tivesen o máxico poder de nos proxectar no interior da súa conciencia. Acompañamos a escoita que o poeta leva a cabo, os brincos perante as posibilidades varias de determinación como persoa. Dáenos a entender como ese Ego cunqueiriano, como significante dun suxeito vencellado á enunciación, é, claramente, un construto; como a linguaxe vai modelando as escollas, as opcións, as eleccións, e como o corpo somatiza a propia linguaxe, construindo versos que son respiración, aire que se infiltra nos pulmóns, respondendo a estímulos propios e alleos. Asistimos nestes primeiros poemas de Cunqueiro á posta en funcionamento dunha poderosísima maquinaria lírica que rematará por ser sublime e de complexísima deconstrución, onde mesmo as estelas, serraduras, arestas ou pedras arrincadas co cicel ou pluma á escultura do poema semellan fermosas, reveladoras e premonitorias.

5. Criterios lingüísticos harmonizadores desta poesía rescatada

Na súas obras, Cunqueiro sempre tivo presente un criterio firme de corrección idiomática. Cando, andado o tempo, era consciente de certos castelanismos, hiperenxebrismos etc., sempre procuraba corrixilos¹⁰. Pola nosa banda, diremos

¹⁰ Vexámolo na páxina 70 da *Obra en galego completa I* (Cunqueiro 1980), cando engade unhas «Notas á 2ª edición [de *Cantiga nova que se chama riveira*] de “Edicións Monterrey”, Vigo,

que acordamos actuar de maneira semellante a como se actuou nas edicións de Cunqueiro que se levaron a cabo porque, para un lector galego medio do século XXI, non podemos converter o pracer da lectura de Cunqueiro nunha corrida de obstáculos. Busque o especialista ou o ortodoxo da ecdótica as heterografías, interferencias e variacións morfolóxicas e léxicas do primeiro Cunqueiro nos orixinais depositados na Fundación Penzol.

No atinxente á acentuación adecuamos todos os textos ás regras do galego actual, suprimindo acentos circunflexos. No primeiro Cunqueiro *ô* podería equivaler a *ao* ou a *o*; *o* a *ao* ou a *o*; *é* a *e*; *e* a *é* etc; producíanse amálgamas como *qué* (por «que é») e non había diacríticos (*óso*) que nós introducimos agora. Nos usos de , <v> e <h> actuamos na mesma liña: axeitamos a escrita de Cunqueiro ás regras actuais do galego, e así formas como *volvoreta*, *grabado*, *veira*, *valeiras*, *novelo*, *maravillosa*, *armonía* ou *hombros* aparecerán agora como *bolboreta*, *gravado*, *beira*, *baleiras*, *nobelo*, *marabillosa*, *harmonía* e *ombros*, de acordo a como se escribe o galego actual.

Grafías inexistentes no galego actual como <y> ou <x>, son substituídas por <i> e <x>: *praya*, *soyo*, *mayo*, *salayos*, *hay*, *muy*, *rayos* por *praia*, *soio*, *maio*, *salaio*, *hai*, *mui*, *raios*; e *imaixe*, *xunta*, *conxuro*, *ñemen* por *imaxe*, *xunta*, *conxuro*, *xemen*. A conxunción copulativa *e* diante de vogal, pronunciada na Galicia centro-oriental como semiconsoante, é representada ás veces por Cunqueiro como <y>: *y eu*; nós acordamos representar sempre a copulativa como *e*, á maneira actual: *e eu*. O iode epentético que representa sistematicamente diante da palabra *alma*: *a yalma* / *a y-alma*, acordamos deixalo por ser sistemático en Cunqueiro neste único caso en toda a súa obra, mais con *i* latino: *a ialma*.

Verbo dos apóstrofes, diremos que estes non son sistemáticos pero si moi frecuentes na primeira escrita de Cunqueiro: *com'unha*, *com'as*, *d'aroma*, *dend'a*, *n'esta*, *n'unhas*, *d'ela*. Acordamos eliminalos, contraer cando *cumpra* (*nesta*, *nunhas*, *dela*) e restaurar a vogal elidida no resto dos casos (*coma unha*, *coma as*, *de aroma*, *dende a*). Unicamente consideramos deixar o apóstrofo nas amálgamas populares de *non* seguido de forma verbal comezada por vogal: *n'hai* (< *non hai*), *n'é* (< *non é*), *n'existía* (< *non existía*) porque a súa restitución plena afectaría á métrica e ao ritmo do verso ao engadir unha sílaba máis.

Canto aos guións, o primeiro Cunqueiro escribe maiormente *pol-as*, *pol-o*, *pronuncial-o*, *entendel-as*, *todol-os* etc., así coma no único caso de representación de segunda forma do artigo, «*cruza-los* campos» (poema 27) e unha asimilación popular «*brancas sorrisa-las* túas» (poema 26). Decidimos representar todo isto segundo a norma actual: *polas*, *polo*, *pronuncialo*, *entendelas*, *cruzar os campos*, *brancas sorrisas as túas*. Mantemos o guión na representación da segunda forma do artigo só nun verso dunha estrofa tradicional reproducido por Cunqueiro: «*indo corre-las* San Lucas», así como tamén para representar a amálgama popular da

1957». No apartado B) di que o autor introduciu variantes nalgunhas cantigas, «algunhas meramente ortográficas e outras somentes cambios de unha verba nun verso», como *sombra* por *soma*, *até* por *hasta* etc.

negación *nin* cunha palabra comezada por vogal que dá lugar a que teña que se ler como un ditongo: «*n'había ni-asomo*» (poema 36), «Non perdas *ni-unha* verba» (poema 35), e por iso, porque afecta á métrica, non restituímos estas formas en «*nin asomo*», «*nin unha verba*» como cabería agardar. Os signos de exclamación e interrogación, que Cunqueiro empregaba tanto ao comezo coma ao remate da frase, decidimos pólos só ao final, como é o normal nos usos ortográficos da lingua galega actual desde a reforma de 2003.

Nestes poemas compostos nunha franxa cronolóxica duns 10 anos, quizabes 15 anos, entre 1928 e 1938 ou os primeiros anos da década de 1940, na pasaxe dun Cunqueiro novo a outro xa maduro (entre os seus 17 e 32 anos), hai castelanismos léxicos e convencionanismos ortográficos que *motu proprio* o autor foi depurando cos anos. Nós, nestes poemas de mocidade, case de adolescencia, imos actuar igual, sempre que non fosen asollados anteriormente nalgunha publicación¹¹. Se Cunqueiro nos seus primeiros poemas emprega algunha vez castelanismos como *mustio, señal, niebra, nido, ternura, ola, espuma, conocer, a cume, bello, xuglar, tembrar, corona....* e paulatinamente –xa noutros poemas deste mesmo volume– xa os vai substituíndo por *murcho, sinal, nebra/néboa, niño, tenrura, onda, escuma, coñocer, o cume, belo, xograr, tremar, coroa* etc., nós imos operar do mesmo xeito que o fixo ou faría Cunqueiro, téndomos coidado de que esta restitución léxica –que insistimos: Cunqueiro xa fixera en vida co que ía publicando– non lle afecte á métrica, á rima, ao ritmo ou á eufonía do poema. Por este motivo, acordamos deixar tal cal, mais sinalados con letra cursiva, castelanismos como *ermitaño, ristra, rocío, campana, Dios* (en rima con *voz*), *venta* (en rima con *corenta*), *a sorriso* (en rima con *brisa*), *salud* (en rima con *luz*), *témpano, esquila, dudei, ríe* e algún outro máis.

Porén, acordamos respectar moitos «posicionemas» léxicos cunqueirianos propios da hiperenxebreza e a interdialectalidade do galego que se escribía antes de ou durante os anos 1930. Referímonos a voces hiperenxebres ou anormativas como: *pelras, craridades, cibdá, prano, refrexo, nocturno, sempre, amábeles, sinceiras* (rima con *toxeiras*) *azas, prácida, lonxana, craro, pranta, soio...* ou a dialectalismos como *iste, ista, aquil, poidera, aqués, pasiós, maldiciós, caír, ti señas* etc., aínda que, como todos sabemos, a partir dos anos 1960 Cunqueiro autocorrixise nos seus libros, poemas e artigos de xornal moitos destoutros posicionemas antigos, que quedan agora nos versos desta edición como marcas indelebles e inconfundibles do galego escrito do primeiro terzo do século XX. Posto que son textos creados antes de 1940, pareceunos máis prudente non «actualizalos» neste aspecto para respectar parcialmente a súa fasquía cronolóxica do primeiro Cunqueiro, posmodernista, popularista, vangardista, republicano e nacionalista.

A harmonización aplicada actuou secasí como un leve verniz restaurador e actualizador da expresión escrita cunqueiriana, para lle facilitarmos a lectura ao público. Quen quixer consultar os orixinais para comprobar heterografías,

¹¹ É o caso dos poemas 44-54, que xa foron publicados en *Animal* e *Grial*, polo que acordamos respectar as marcas hiperenxebristas do galego desta época (*soma* por *sombra*, *outo* por *alto* etc.).

caligrafía, castelanismos, vulgarismos etc., deberá revisar a documentación depositada na Fundación Penzol. Mais este artigo vai dirixido a un público ao que non queremos abouzar nin complicar excesivamente cunha profusión e variedade de heterografías e formas morfolóxicas e léxicas pre ou anormativas en fase de superación polo galego de hoxe.

Como ramo, quere explicado que, na transcripción dos poemas, con signo [...] imos indicar que algo non se dá lido ben ou non se dá entendido a letra; con liñas de puntos suspensivos queremos indicar que aí habería versos ou fragmentos de versos que faltan, por estar o papel comesto, rillado ou tan manchado que o fan ilexible nesa zona; con palabras ou frases tachadas queremos reproducir palabras ou frases que son doadamente lexibles pero que Cunqueiro tachou propositadamente consonte ía comendo esas pezas. Son fragmentos, versos ou voces desbotadas, refeitas doutro xeito ou eliminadas para sempre, que podemos rescatar para comprendermos mellor como esculpía cada verso o mindoniense. Hai algúns casos, como o tachado derradeiro verso do poema que comeza «Chegamos de corazón» (poema 32) en que semella unha verdadeira mágoa que Cunqueiro riscase un verso tan brillante, por iso tratamos de reproducilo tamén eliminado. En realidade, quixemos reproducir todos os desbotados lexibles.

6. Arelas e beizóns

Arelamos que con este artigo poidamos achegarnos máis aínda ao macrotexto cunqueiriano, enxergándonos como labrou os seus primeiros versos un rapaz de 16 anos; recuperándonos esbozos, borradores ou mesmo poemas excelentes; e adiviñándonos como foi construíndo Cunqueiro os alicerces do seu inmenso universo poético e literario. Con esta edición quixemos abrir as fiestras dun obradoiro poético do primeiro Cunqueiro ata agora ignorado, examinar as ferramentas empregadas, os materiais máis queridos, os modelos imitados, as escouras, as estelas e mesmo as serraduras estradas polo chan.

Agardamos tamén con este contributo mover conciencias, empresas e institucións para que se acorde por fin constituír un equipo amplo e plural de especialistas que (re)elaboren, agora si, as obras completas do mindoniense, incluíndo por suposto as súas espléndidas traducións poéticas. Para esta empresa deberían ser chamados especialistas como Xosé Luís Méndez Ferrín, Xe Freyre, Rexina Rodríguez Vega, Teresa López, Xabier Cordal, Claudio R. Fer, Xosé M.^a Álvarez Cáccamo, Anxo Tarrío, Miguel G. Somovilla, Iago Castro Buerger, Paloma García, Ramón Nicolás, Luís Alonso Girgado, Armando Requeixo, Dorinda Rivera, Xesús González Gómez, Xulio R. Valcárcel, César Morán, Marta Mariño, Miguel Vázquez Freire, María Liñeira, Inma Otero, César Antonio Molina, Dolores Vilavedra, Xosé Antón Palacio, Miguel Anxo Seixas Seoane, M.^a Camiño Noia etc.

Por último, neste derradeiro parágrafo queremos agradecer a César Cunqueiro a doazón de valiosos materiais do pai para o país; do mesmo xeito, queremos dar as grazas de corazón aos amigos mindonienses Xe Freyre e Óscar Antón Pérez García pola axuda, suxestións e comentarios. Ben haxan os dous. É de xustiza poética tamén facermos referencia á axuda sempre atinada e xenerosa emprestada por Xesús González Gómez. Beizón. E nunca poderemos deixar de louvar o papel fundamental para a nosa cultura que cumpre a Fundación Fermín Penzol, sobre todo o seu persoal Marián Vidal, Pilar Vilaboi, Rosa G. Bordallo, Benito Ramírez e Mercedes Sotelo, co seu xerente Xosé Francisco Domínguez á cabeza. Beizón por seren os amables gardiáns dos nosos tesouros nacionais.

7. Os textos poéticos inéditos en poemarios agora reproducidos¹²

Poemas do *Caderno* de 1928¹³

1. Oración ao Recordo de Ela
2. Branca coma unha rosiña
3. Naceu aló na montaña
4. Que prácida a dozura daqueles cemiterios
5. Crepúsculo
6. A nebra envolve as torres da pétrea Catedral
7. Tiña o seu niño de aguia nunha cume brava
8. Madrigais curtos á moza miña
9. Motivos I
10. Fantasía triste
11. Xa vivir é pecado... E eu non son pecador!
12. Eu sinto agora cousas que antes non sentía
13. Ate hoxe as fontes cantan doutras maneiras
14. Motivos para un soneto
15. ¡Filla do Prata azul!

¹² Á parte dos poemas achados na Penzol, reproducimos tamén os cinco poemas rescatados por Requeixo Cuba (2014) e Alonso Girgado (1999) e os once poemas anteriores a 1933 que deramos a coñecer en *Grial* (Costas / Castro 2011).

¹³ Manuscritos do *Caderno* de 1928. Cando apareza o signo ===== quérese indicar que comeza outra versión, outro borrador, do mesmo poema, pero achado normalmente noutra páxina diferente do *Caderno*.

16. Motivos II
17. Invocación
18. Hoxe chegueime ao mar dende a montaña
19. Xunto ao cruceiro de pedra
20. Coñecinte nun verso mui triste
21. Mariñeiros

Poemas en follas soltas¹⁴

22. ¡¡Xemen!!
23. O crego
24. Resucitado
25. Como quere o roxo Sol, o bravo cume...
26. Morre o Sol. Sober do cobertor
27. Ofrecemento
28. Cos ollos pechados miro
29. Ela: dime ilusión primeira
30. Vagas
31. Era a súa idá primeira, eran os seus soños mil
32. Nos ceos do Recordo, túa imaxe escintila
33. Chegamos de corazós, de antigos corazós simpres
34. Sonetario de amor
35. Fala, que xa non poido
36. Aló, cando aínda o tempo n'existía
37. Esa cana abaneada polo vento no deserto...
38. Morreu o xogar!
39. Alma: decatándome estou de que agás que o home
40. Fonte Vella
41. Cada día chegamos máis lonxe
42. Favorábel prisión de sono
43. Sinto os seus ollos falar baixo das lúas

¹⁴ Os poemas 22, 23 e 24 atopáronse en follas soltas mecanoscritas. Un deles, «O crego», pode lembrar Leiras Pulpeiro, os outros dous adiantan as sombras existencialistas da última poesía de Cunqueiro. Os poemas 33, 38, 39, 41 e 42 teñen a caligrafía delicada e inconfundible do Cunqueiro maduro, mentres que os outros poemas teñen a caligrafía abrupta do Cunqueiro vintelo que aparece no *Caderno*. O poema 43 mandoullo a publicar a Filgueira Valverde xunto con outros en 1935, pero non se publicou ata 1991 (Cunqueiro 1991b).

Poemas anteriores a 1933 en publicacións periódicas¹⁵

- 44. Dun libro
- 45. Rotos mortos
- 46. Noiturnio III
- 47. Ben quixera
- 48. Soma de craridades I, II, III e IV
- 49. Luz
- 50. Soma
- 51. Liña
- 52. Craraboia
- 53. Oco
- 54. Nenos

Poemas de Bos Aires¹⁶

- 55. *Ese idioma*
- 56. Algún día
- 57. Algún día (bis) I
- 58. Algún día II

Poemas soltos reproducidos nalgúns libros¹⁷

- 59. Outono
- 60. Pola ribeira sen sono...
- 61. Anduriña
- 62. Ela, que se chamaba Pilar
- 63. O poema e a súa xeografía

Farrapos: poemas esfiañados e versos soltos¹⁸

- 64. Corazón alfabético

¹⁵ Son poemas xa dados a coñecer en *Grial* 192 (Costas / Castro 2011) pero nunca publicados en libro.

¹⁶ Os poemas 57-58 son versión e ampliación respectivamente do poema 56 que apareceu primeiro nas cartas ás irmás arxentinas de orixes mindonienses Emma e Élida Gómez Morales.

¹⁷ Poemas dados a coñecer en libros por Mayán Fernández (1991), Alonso Girgado (1999) e Requeixo Cuba (2014).

¹⁸ As composicións 64-70 non son poemas completos, son fragmentos recuperados de follas rotas ou furadas en que, por desgraza, xa non é posible ler o poema enteiro nin reconstruílo cando hai varias versións (todas elas en gran parte ilexibles). Grazas a Mayán Fernández coñecemos o texto íntegro do poema numerado co 67. Co número 70 recuperamos versos soltos achados en tres follas, quizabes apuntamentos para poemas.

65. Daquel vento que nas ponlas dos pinares

66. A unha campá maior chamada Paula

67. Romanciña de D. Maio

68. ...abeledo cantaba

69. ...vagabundo

70. Versos soltos, Paixón e Áncora

1.

Oración ao Recordo de Ela

(cuartetas)

(29/08/1928)

Nin verbas enganosas, nin falas mentireiras
van en istes versos que son unha oración
E neles o recordo como unha maldición
como as espiñas nas frores das roseiras!

O Recordo de Ela, que é recordo de morte
e que foi outro día de vida e de *salud*,
o Recordo que treme porque xa non ten luz
O único recordo que nesta vida é forte!

Quen poidera teu Recordo cantar
nunhas trobas galanas que foran sinceiras
como son as froliñas marelas das toxearas
Quen poidera no tempo ser xogar!

Eu son un probe louco, probe e triste
porque na miña vida xa non hai ilusión
porque busco na terra o que xa non existe
Por iso istes versos son como unha oración!

Oración que n'é vida, oración que é de morte
porque Ela no mundo tan soio é inmortal
porque sober da terra, tan soio Ela é forte
coma as frores malditas... coma as frores do mal!

=====

Nin verbas engañosas nin falas mentireiras
van en istes versos que son unha oración.
Oración que non canta ningunha ilusión
coma as frores marelas das toxearas!

=====

Como as folerpas da neve, que caen silenzosas
sober do céspede verde daquel murcho xardín...

Folerpas que caendo van recubriendo as rosas
os caraveles roxos e o roxo silín¹⁹

É así o Recordo na miña triste vida...
Tamén as falerpas que saen das almas
son o murcho recordo dunhas horas calmas
pro é tan probe a i-alma que a Ela non olvida
tembran as almas e estas olvidan

Pro queda o Recordo, o Recordo do olvido
O recordo que fai que queiramos morrer
e en brazos da morte, a carne adormecer
como as frores no Paixa[...] do Mido²⁰.

Esas frores malditas, as frores do mal
as frores que cantaba Beaudelaire
con tristura tenra de anoitecer.
Frores que querendo ser signo son un sinal!

¹⁹ Descoñecemos esta palabra.

²⁰ Descoñecemos o que pode ser este *Paixa[...] do Mido*.

2.

Branca coma unha rosiña
coma unha pomba xentil
é a rapaza por que eu veño
cantar a este xardín.

3.

Naceu aló na montaña
nunha alegre primaveira
veuse a criar á Mariña
e por iso é falangueira

4.

*...Floreillas de los camposantos
¡Hermosas flores...*

Que prácida a dozura daqueles cemiterios
dos verdes cemiterios das aldeas
onde teñen os fríos cativerios
as pantasma que forman a Estadea!

5.

Crepúsculo

Raras

Cai a ~~noit~~ tarde. Paseniño vai poéndose o Sol
que refrexa nas augas verdes da horta do muíño
o luceiro dos seus raios. Xa non canta o rusiñol.
Cai a tarde. Ponse o Sol paseniño.

6.

A nebra envolve as torres da pétrea Catedral
a misa de Alba toca unha *campana* choca
e no frío sepulcro de tallada roca
estremécense os ósos dun vello *Cardenal*.

Todos son sepulcros ou marmóreos altares.
Reises ou Señores, *Obispo* ou frades,
–único recordo dunhas recias edades–
tallados por Xilgent, por Cunha de Moares.

En oración eterna, parece que imploran
uns perdós eternos prá probe humanidade,
mentres mortos de frío, *tiritan* ou choran
uns anxos espidos, nuns retablos dourados

*Ao pé da túa ventana²¹
están os mozos da aldea
o que non ladra rabea
por esa cara galana.*

*Home feo e sen diñeiro
enamorado e celoso
chámanlle na miña terra
o «Carabina de Ambrosio».*

*Chamácheme «pito choco»
porque nacín en Xaneiro
se o raposo non me come
hei de rubir ao poleiro.*

*Unhas nenas da montaña
foron corre-las San Lucas [...]*

*O meu corazón che mando
cunha chave para o abrir
nin eu teño máis que darche
nin ti máis que me pedir.*

*É tan pequena a vida
esta vidiña nosa.*

*Indo a corre-las San Lucas
unhas nenas da montaña*

*Indo a San Lucas correr
unhas rapazas valecas.*

*Coma unha pombiña branca²²
coma unha rapaza xentil
é a rapaza por que peno
porque peno desque a vin*

²¹ Páxina 11 do *Caderno*. Son copras populares anotadas por Cunqueiro. Non podemos asegurar se algunhas foron alteradas ou non polo mindoniense (por iso van en cursiva), é posible que sobre algunhas copras populares reinventase versos seus («Indo a corre-las San Lucas / unhas nenas da montaña...», «Indo a San Lucas correr / unhas rapazas valecas...») pero si testemuñamos que na súa primeira poesía tiña moi en conta a poesía de tradición oral.

²² Esta estrofa seméllanos máis de Cunqueiro ca popular ou tradicional, pero nada podemos asegurar.

*Os solteiros valen ouro
os viúdos valen prata
os casados calderilla
e os vellos folla de lata.*

— — — — —

*Rapaza dáme un biquiño
antes que de ti me aparte;
que eses labiños de rosa
inda non sei como saben.*

*Con mil amores cho dera
mais teño que confesarme
e moita vergonza fora
ter un pecado tan grande.*

*Pois confésate, Marica,
que cando casar nos casen
nin che han de valer meniña
nin confesores nin frades.*

— — — — —

*Teño unha dama nos Portos
outra no Ribeiro de Avia
se a dos Portos é bonita
a do Ribeiro lle gana.*

7.

Tiña o seu niño de aguia nunha cume bravía
que o soio señor da montaña era el
e cando a neve as riscadas cubría
o lobo ouveaba ao cume que é fiel.

8.

Madrigais curtos á moza miña

¡Mondoñedo! Pelra en ancho mar perdida

Á miña moza

I

Naceu na montaña, na alegre Primaveira
coma outra fror marela da toxeira

Naceu cando as prantas nacen
aló nun Maio frorido...

IX– Bautespant

=====

Eu direiche como é a miña moza.
Naceu na montaña na alegre primaveira
coma unha rosa máis dunha roseira.
É branquiña, xentil e garimosa.

Coma as floriñas marelas

=====

A moza miña

¡Eu direiche como é a miña moza!
Naceu na montaña na alegre primaveira
coma unha rosa máis dunha roseira.
É branquiña, xentil e garimosa...
é coma as froliñas marelas das toxearas
é así brava e arisca e celosa ia miña moza!
que pra selo bastáralle con ser ia miña moza!

=====

Eu direiche como é a miña moza
é coma unha rosa máis da roseira

*iTeño unha moza, que moza!²³
pra comparala non chega
nin a mitá dunha rosa
iBastáralle o ser brañega!*

*Eu pra casarme deseio
unha muller montañesa
iEstán máis cerca do ceio
e as calores non lles pesan!*

*A miña mociña leva
en dote catro culleres
iBastáralle o ser brañega
pra ser a fror das mulleres!*

²³ Páxina 15. Máis copras populares copiadas ou recreadas por Cunqueiro no seu *Caderno*. Non podemos asegurar que sexan de Cunqueiro, aínda aparecendo no *Caderno*. É posible que sexan simplemente copras populares repetidas por el e non da súa autoría.

9.

Motivos I

Eu canto aos cumes! ¡Aos cumes, que son bravos!
Eu canto ás froliñas marelas das toxearas
que nacen nos cumes, facendo Primaveiras!
Eu canto aos cumes! Aos cumes, que son bravos!

=====

En bárbaro desexo de luxurias
o cardo bravío que soña coa roseira
igualarse, en eterna primaveira.

XIX-X-XXVIII (19-10-1928)
AL-CUN-MO

10.

Fantasia triste

(15/10/1928)

Ao Rubén Darío

Teu nome é unha oración!
Ao pronuncialo trema de tenrura a voz
dóbranse as pernas e rézase
como se reza a Dios.
Rézase lentamente
coa man posta sober do corazón
Cada sílaba evoca unha alegre visión
Visión que pasa pola vida coma un raio de Sol
Unha visión que canta nos recordos
igual que un rusiñol.
Unha visión que nos perfuma a ialma
coma un rosal en fror.
Teu nome é unha oración!

É auga viva, no medio do deserto,
sombra e frescura en horas de calor,
ten o encanto dunhas vellas sonatas
que pasan na vida cantando dolor.
Teu nome é unha oración!
Ao pronuncialo trema de tenrura a voz
e mórrese chorando...
¡Como morrera un Dios!

XV-X-XXVIII

II.

Xa vivir é pecado... E eu non son pecador!

Por iso sinto os desexos de morrer
e un soño infinito a ialma adormecer,
apagando coa Morte todo soño de Amor.

– Xa vivir é pecado. A virtú é o dolor! –

Cal espiñas nas rosas
e nas froles das toxearas
pasan horas silenciosas
nas nosas almas sinceiras

– Máis sinceiras... Garimosas! –

Almas probes de poetas
de poetas doloridos
polas espiñas feridos!

Espiñas que son navetas!

– Ou a febre do Mal nas proxenetas! –

Almas que son coma claras
de bravíos Campeós

Almas que ruxen sin trabas
como ruxen os leós!

– Ruxide coas mans escravas! –

12.

Amad, amad o entenderéis estrelas...

Olavo Olivá

Eu sinto agora cousas que antes non sentía
todo o que no mar, na terra e no vento
ten algo de aroma, matiz ou acento
ou ten un destello de bárbara harmonía.

=====

Eu sinto agora, agora que estou triste
todo o que no mar, na terra e mais no vento
ten algo de color, forma ou acento...
Eu sinto a Nada porque a Morte existe!

Sinto as uces bravías. Sinto o cardo.
Sinto os cumes que semellan lavas
e que as lixeiras nubes fan escravas.
Sinto o toxo que no cume é bardo!

13.

Ate hoxe as fontes cantan doutras maneiras
nin alumea o Sol como aqués outros días...
A brisa do pinal non ríe falangueira
Ata calan as frondas estrañas letanías
Onte Ela marchou. Que pena e que tristeza!
Quedou deserta a casa e o xardín.
Ate o xilgaro alegre e saltarín
nos seus cantos parece que por ela reza.
Onte Ela marchou. Que pena e que tristeza!

(29/08/1928)

14.

Motivos para un soneto

Eu amo as nubes, brancas, marabillosas,
 que pasan polo ceo
 nun hálito inmenso de *deseio*
 cal pasan pola vida as ilusiós gloriosas
 Eu amo as nubes, que semellan claras
 temibles pantasma, horribles pasiós
~~cal fanse~~

=====

Eu amo as nubes, as nubes silenciosas
 que pasan polo ceo, cal pasan pola vida
 en triste caravana as ilusiós gloriosas...

Eu amo as nubes, brancas, marabillosas
 que semellan pelras no craro do ceo
 –pombas mensaxeiras dun triste *deseio*
 cal semella o *rocío* no cáliz das rosas.

E eu amo as nubes que semellan claras
 e que cobren *as* cumes máis recias e bravas
 Eu amo o ceo cuberto de nubes (negrento, *nublado*)

Eu amo as nubes, brancas, marabillosas
 que semellan pelras no craro do ceo
 cal semella o *rocío* no cáliz das rosas

15.

¡Filla do Prata azul!

Maga dos ollos craros
máis belos por máis raros,
que semellan do ceo o craro tul.

16.

Motivos II

Alma do pinal, feita un *susurro*
máis doce que a túa voz, e máis que a brisa
solouzante das frondas do Xardín,
encantou nos teus beizos, figulina
a máis bela, harmoniosa sorriso.
Mais, a sorriso dos beizos marchouse
da fragante rapaza divina
en alma dun pinal doida tornouse

=====

Era unha nena, máis doce e máis fermosa

Neve é a túa ialma, rapaza mais fermosa

As ponlas dos álamos da aberta do muíño
refréxanse no río, nas augas solouzantes

17.

Invocación...

A vós, magos ollos da muller amada,
~~flores sin fondo dun Xardín ignorado,~~
 plenos de recordos de esperanzas vellas...
 enchidos de ensoños de máxicas consellas,
 espellos dunha alma do amor enamorado
 inspiración reclamo para istes pobres versos
 para contar en iles, todo un amor eterno,

A inspiración non trunfa nistes versos que triste
 che envía a miña ialma, che manda o corazón
~~en eles non exalta, porque neles~~
 Nada neles trunfa, porque nada existe
 salaios dunha ialma, ideas da razón.

=====

A inspiración non trunfa nistes versos que triste
 che envía a miña ialma, che manda o corazón...
 Nada neles trunfa, porque nada existe
 salaios dunha ialma, ideas da razón...

A vos, ouh magos ollos da muller soñada,
 plenos de recordos de esperanzas vellas!
 inspiración reclama miña alma namorada,
 para contarvos nuns versos, unhas doces consellas,

unhas doces consellas que falaran de amor...
 que cantares das ialmas, as doídas ausencias
 que nos enchan os peitos dunha inmensa door,
 dunha door que non ten nin coores, ni-esencias,

que a úneca door, que tremendo nas ialmas
 fai cambiar co seu sopro a ruta dunha vida,
 deixándonos sen lúa, sen silencio de calmas,
 unha luz e un silencio que dexamais se *olvida*...

Non sealcontran palabras en toda a verba nosa,
 as máis doces das verbas, das ialmas a linguaxe,
 pra expresar as doores dunha ialma queixosa
 pola ausencia do eterno, soñando personaxe....

Todas parecen baleiras, tremosas, sen sentido
cal se elas non bastaran para ouxeto expresar
parece que son falas de linguaxe perdido,
no que non se soupera de doores falar...

18.

Hoxe chegueime ao mar dende a montaña
que brava fire co seu cume o ceio...
Tiña na ialma unha emoción estraña
e en todo o corpo vibrábame un *deseio*...

Hoxe, chegueime ao mar: manso, ridente,
sober do mar en espuma se estendía
bicando a praia, moi doce, mansamente...
Na alta mar, onde xa non se vía
máis que auga e ceo, o Sol fuxía.

19.

Xunto ao cruceiro de pedra,
que ao carón do camiño
se ergue, sentado eu mirei pasar
as gareiras algaradas
da Compañía campesiña.

20.

Coñecinte nun verso mui triste
e mireite nun libro mui branco.
Tes a ialma suave de *ermitaño* franco
e cabeza de garfoán en *ristre*...
Cabaleiro andante do Ideal galego
prometiche unha fé xunto a un cruceiro.

=====

Cabaleiro andante na Idá presente,
prometiche unha fé, xunto ao cruceiro

Largo andante da cruzada galega
coñecinte nun verso suave de *Ermitaño*.
Prometeras a Fé, xunto ao cruceiro
da Boa Nova na Galiza vella.

21.

Mariñeiros

De fondas tristezas, lembranzas fondas
hoje trunfan no mudo pensamento.
Parcen do mar revolteadoras ondas
ao conxuro mainiño daquel vento...
Daquel vento que nas ponlas dos pinares,
que se erguen recios na beira mar bravía
pon nas noites de furia a letanía

22.

¡¡Xemen.....!!

Xemen nos campos, as herbas, verdescentes...
 xemen nos cumes, as rocas, feridoras,
 e os fentos xilgantes das ponlas beiladoras
 xemen beilando nas augas transparentes.

Dos álamos verdes, nas ponlas xementes
 cantan tristes, as rulas, chouchadoras,
 e remedan cantando as vellas tecedoras
 as ondas bravías nas valgadas rientes...

Todo xeme na brava terra miña
 como xemen as almas n'Astuciña
 ¡Nada disoa no triste concerto!

Ate choran as almas, silenciosas,
 cal choran o *rocío*, as doces rosas!
 Que pasou pois?... O ceo está deserto!

23.

O crego...

Fillo doutro, *heredou* a coroa
unha ama vella e un roquete rizado...
Aos cochos dálles de comer boroa
e aos probes dilles: «Vaia convosco amado!»

Come por sete cando vai convidado
ten dúas de vinte que xuntas fan corenta
por non faltar ao que lle está ordenado
...e din que as indulxencias ten en *venta*!

Catro fillos lle contan as comadres
–os fillos dos cregos chámanlles tíos aos padres–
e conta de faguelos todos curas.

Contra aqués que o bon labrego explotan
maldiciós e conxuros, todo bota
...e *hastra* cobra por darlles sepulturas!

24.

Resucitado²⁴

Onde escuramente comeza nos ollos
aquil outro corpo de min mesmo isolado:
unha auga quezais, que se amosa por dous pozos xemelgos.

De onde vén, pondo un goto de sangue na memoria,
esquiva verba se non vai cantando,
peito de meu cedido á terra dime.

Iste é o áer descalzo de pé e perna,
onde pouso unha man a sombra esperta
e recobro o soño e a vaidade. Home!

Somentes, Cynara, a cinza dos teus beizos,
e o pó dourado dos teus cabelos deixo
caír no chan do vento esparexidos.

²⁴ Aparece logo en *Herba aquí e acolá* con algunhas variacións, con dúas estrofas máis e co nome de Francesca en lugar de Cynara. Véxase Cunqueiro 1980: 141-142 ou Cunqueiro 2011: 73-74: «Somentes, Francesca, a cinza dos teus beizos/ –a desexada sorriso por quen levo / un amargo cóitelo e unha hedra– // e o pó dourado dos teus cabelos deixo / caír no chan do vento esparexidos. / Esto perdo, meu ben, si aquí regreso. // Cedo é sempre acolá. País-sen-Nome: / pois onde vai o corpo sempre amence. / Dime se poido desenterrálos días».

25.

*Por moreniña, morena,
téñoche o ollo botado.
¡Has de ser miña mullere
ou non hei de ser casado!*

(cantar popular)

Como quere o roxo Sol, o bravo cume...

Como ama o mar azul, a branca area...

Como ama o fogar o tenro lume...

que as súas pedras laxadas alumean

así te quero eu, meiga rapaza ~~Princesa~~

dos ollos negros e da boca *fresa*,

cariño mainín que o meiro abraza

así te quero eu, xentil Princesa.

Eu quixera, rapaciña, xentil, meiga meniña

mirarme nos teus ollos soñadores,

un momento tan só, Beatriz divina.

26.

I

Morre o Sol. Sober do cobertor
de augas verdes, o luceiro da tarde,
escentila unhas bágoas de ouro.

II

O ceo viste de azul pálido,
e na pracidade valeca,
érguense tristes os álamos
murcho o verde das follas.

Manso, chora o río un lento
salmodiar de vellas preces,
mentres rube das súas ondas
un vagar de vagas brumas.

Ladra un can. No caserío
por entre as lousentas tellas
sai o fume da dourada
refulxente labarada.

Un rebaño que volta dos cumes
dóalle aos ecos da tarde
a dozura dunha *esquila*.

Lonxe, os cumes perden formas
e son difusas manchas violetas

Na ponla máis alta do álamo gris
afina a fruta monorrítmica o moucho.

E redondo, por Oriente
xunto ao arco das suas cellas
como aquel que atento mira
surxe o rostro da lúa...

27.

Ofrecemento

Nos meus versos, vai pra ti,
unha vaga

Vai para ti nos meus versos
unha vaga emoción. Nas lembranzas
van mences nevados.

E en todos eles eu,
coma unha foleira máis!
Cerro os ollos. A ti vexo
toda vestida de branco
cruzar os campos da neve.
Nos teus beizos levas morta
miña alma,
coma unha sorriso máis.
Brancas sorrisas as túas...!
...Máis brancas inda cá neve,
que pintou este mence...!

28.

II

Cos ollos pechados miro,
no pensamento un sol.
E cando o sol se achega
co sol véxote a ti...
Nos teus pómulos brancos
que refrexan a neve,
e nos teus labres galdos
que refrexan o sol,
van mortas esperanzas.
Miña ialma, sorri-
sa feita en tí!

29.

Ela: Dime ilusión primeira

da miña vida triste

por que unha espiña existe

na frol desta roseira?

~~Séntate na miña alma~~

Séntate aquí ao meu lado

e dime gasalleira,

por que dicen que o amor se asemella ao pecado...

por que non é eterna a nosa Primaveira...

Séntate aquí ao meu lado

e fálame de amor

Fálame da vida, dese Dios alado.

Fala que te escoito. Fala sen tremor

30.

Vagas

Vagas, doidas,... moi vagas harmonías
as romanzas da brisa do oloroso pinal
nas que chora a súa ialma letanías
de frebe sen doores e sen mal...

Vagas, moi vagas,... parecen dunha oración
que de recordos plenos polo pasado choven
as verbas máis tremosas, doidas de compasións
que nacen na ialma e na garganta morren

Verbas vagas, sen xeito nin medida...
poemas dun soño, casi eterno, ancestral,
que sen querelo fosen un humano sinal
as máis chorosas queixas da pregaria doorida.

Van como saíron, vagas, sen harmonía
da brisa do pinal, verde, harmonioso...
Teñen un deixo que parece da poesía
o costume xentil, sempre donoso.

31.

Era a súa idá primeira, eran seus soños mil
e a Princesa dourada, coma ti moi curiosa
preguntoulle a unha rosa
máis fermosa que viviu
como era o amor ignorado
que Ela xamais sentiu.
Tamén a Princesiña sentou ao seu lado
e as palabras da rosa
mimosa escoitou
e ao parar de falar a rosiña,
murchou, se desflorou–
Escoita ti meniña:
e saberás que é amor.
Escoita, princesiña
a dos ollos en fror:

~~E a ilusión, pousándose ao lado
da meniña xentil, faloulle estas~~

E a ilusión, pódose nos ombros
[...] faloulle, sorrindo sempre, dos [...]
[...] rusiñor, dos [...]

32.

Nos ceos do Recordo, túa imaxe escintila;
os teus ollos azulados en onde me miraron?
Non o sei. Nos meus quedou por sempre gravado
o teu lento, moi doce e suave mirar...

Vinte, non sei en onde. Sentinte,... tampouco sei.
Soio, tan soio, nas miñas noites soias,
teu mirar me ilumina, cal último desexo
e entoncias véxote, e síntote xunto a min.

Quizais non señas máis que un soño vivido
noutro soño soñado... Noutros ollos un día
adiviñarte quixen, e un instante *dudei*, soio un instante.
Non eran os teus... Oh se foras un soño!

Espero. Por momentos sinto que te chegas a min
coma unha [...]

33.

Chegamos de corazós de antigos corazós simpres²⁵

amábeles como fábulas ou peites vellos

Profundamente falando chegamos de corazós, de ~~antigos~~ eternos
corazós.

Houbo silenzosas horas

países

Houbo cadros numerados polo soño dos seus grises

ríos amorosos de soño

Non sabemos como comezamos a abrir as mans

nin a sentir pequenos medos de poboación lacustre

nin a chorar

nin a contar como chegamos de corazós de eternos corazós antigos

Profundamente falando

Os nosos ollos son ollos novos e finos igualmente

~~Ollan perfectamente o silencio que inventan os relós~~

²⁵ Un dos dous poema reproducido en *Sermos Galiza* por Morán Fraga (2014).

34.

Sonetario de amor

*¡Amaide, amaide! iamaide pra entendelas
que ao que amedes ientendereis [ouvireis] estrelas!*
OLAVO BILAC

Sonetario galán de xentil florilexo...
Ansias de Vida, de Pas e *Salús*...
destellos dun Sol, que foi verme de lus,
e *acunou* unha lúa no seu branco refrexo...

Niste canto n'hai nebra, nin door, nin tristura
nin asomo de mal ou de tenro sufrir...
Hai tan só uns *deseios* dun alegre vivir
contemplando da vida a inmensa *hermosura*...

Hai tamén lembranzas das idades pasadas
das épocas galantes nas que viviu Rei Sol
Unha idá en que os homes por bicar unha frol
matábanse mirando polas mulleres amadas.

E son estas idades as únicas lembranzas
que triunfan nistes versos, nos que non hai door
e o todo distes versos: ilusiós, esperanzas!
Son por iso istes versos... Sonetario de Amor!

35.

~~Fala, que dos teus beizos o meu entendemento
prendido xa está. Fala, e nun soio momento~~

Fala, que xa non poido
por máis tempo esperar
e dime, gasalleira,
como se fai para amar?
Anda, fala mimosa,
bolboreta ignorada...
Ilusión: desas túas palabras, namorada,
miña dona preciosa
o seu doido encanto
non podo resistir...
Non perdas ni-unha verba tan soio do meu canto
e aprenderás vivir...
e saberás por que morre a frolida primaveira,
e por que hai unha espiña na frol desa roseira.
Cala, cala, meniña, ivas aprender vivir!

36.

Aló, cando aínda o tempo n'existía
Aló, cando era todo eterna primaveira
Aló, cando aínda a morte non vivía
nin naceran espiñas nas froles da toxeira
vivía aló nun Pazo unha tranquila vida
unha roiba rapaza, mais que as *paluzas* xentil
Na súa ialma n'había ni-asomo de ferida
[...]

37.

Esa cana abaneada polo vento no deserto...
foi posta alí, no fondal das douradas areas,
coma unha pinga de orballo pousa na cunca das miñas mans
testigo ela do vento coma eu son da ialba testemuña.

38.

Morreu o xograr!

A eterna tecedora descarnada
nunha fresca frorida alborada
levouse o cantor
Treidora! Desalmada!

=====

Nin tristeza lle dá da terra nosa
nin de nosoutros a door lle asusta!
A muller da gadaña é fría e adusta
En tódalas vidas o beber lle gusta
Dun soio golpe da gadaña roxa
levouse o cantor.
Non lle importou o enchernos de congoxa
nin lle importou o facernos chorar

=====

A terra enteira ao unísono chora
o Profeta, Señor da Suevia, tamén plora
Choran os ceos, os campos e ribeiras
Choran os páxaros, árbores e silveiras
Todo chora!

Todo á vella tecedora lle pregunta
«E atrevíchete levarnos o cantor?»
Treidora desalmada!

39.

Alma: decatándome estou de que agás que o home
desza núa ás estrelas e ás veas da entreterra
cos ollos na man coma unha lámpara acesa
~~ou agás que no seu peito que silenzosamente podrece~~
~~medre un arbre calquer de por...~~
ou agás que o seu corpo podrecendo silenzoso
recrame do seu peito unha arbre ou unha fonte.
Agás iso, terei, alma, de abandonarte na noite.
Non escoites a miña voz agora que aterrezo
vivir eiquí, ao pé de tanta folla murcha.

40.

Fonte Vella

Co A.E.I.O.U. dos Austrias, Reis-señores
clarín do Alén dunha raza guerreira,
perfil de frol, ágonica e sinceira
ergueu a Fonte, de gris-pedra cores.

Escintilou en auga, murmuladas
[...] un arco, ferradura de horizontes
que nas noites que berran luz, caladas
non sabremos de trunfos ou de pontes.

41.

Cada día chegamos máis lonxe.

Crimos demasiado sinxelamente nos nós corredizos.

Cada día.

Agora ela vén da morte das pombas inocentes

decíndonos que o ar non afoga

Agora ela vén decindo que hai que comezar

a morrer componendo novas elegantes figuras

porque o ar non afoga.

Crimos mui rápidamente.

A miña alma xa non ten aqués fríos

coma pulsos e outras goteiras.

Aqués fríos.

Ela nacera deles soñando. Nacera cada día.

Cada día.

Non chegaremos a sentirnos adolescentes.

Teremos que beber tódalas paisaxes e desangrarnos un pouco en tódolos pozos

No fondo amurallado dos verdes pozos.

Non chegaremos nunca.

Tódolos pozos. Pozos.

42.

Favorábel prisión de sono aínda

...no corpo primeiro
 entenrecido muro xa choraba
 correitas verbas silenciosas iso si.

Estando eu sentado no bosque
 con iste reló e esta mesma ialma
 ollando a Deus facerse herba e mais de mar
 dixer: Ollai que brinco pega iste doce corzo!
 –Un doce corzo neno
 correitamente²⁶ espido de grande corzo macho.

Naquel primeiro mundo derrubado
 historia natural ou limpos ollos!
 Agora que quero recordarme
 [...] ²⁷

²⁶ *Perfeitamente*, na versión definitiva.

²⁷ Faltan aquí os nove versos finais do poema definitivo: «profundamente amurallado o corpo! / Eu quixera decirvos como era / aquel paisaxe de altas augas mudas. // Favorábel prisión de sono aínda / non embargantes eu era xa un neno / e con este reló, con esta mesma alma, / a Deus lle dixer comezando o mundo: / –este florido corzo, esta soñada ave / este galope sutil que me namora!» (Costas / Castro 2011: 136-137).

43.

Sinto os seus ollos falar baixo das lúas²⁸

entremedio das cervas malferidas
baixo das lúas sinto os seus ollos falar
sinto os anelos de ouro e o nobelo das somas
sinto ferros e soedás, lanzas sonoras
saíndo do ceo finouse a rama nova
Tres cabalos lle galopan o peito
 Un leva a frol
 outro a canzón
 e o máis branco
 o seu corazón
–Esta é a canción do reiseñor da morte cruel.

²⁸ Publicado en *Papel de Color*, en 1935.

44.

Dun libro²⁹*Pra Aquilino Iglesia Alvariño*

Lonxanías esmorrentes; en ronseles
unha alma galleira compracida se reve,
mentres fican de púrpura os desexos aqueles
nun Alén de horizontes, de penas e neve.

Señardá dourada saudade das toxearas!
Nos camiños dos cumes dorme unha Oración,
que percorre rezando nas túas falas viaxeiras,
da froliña máis triste, a máis triste ilusión!

Hai sangue de rosas, en orballo tornadas.
E hai anceios de luces, esvías e lembradas.
Lonxanos cadaleitos

Que ergueron nas caladas saudades da Morriña
unha Compañía heroica, que lacerados tiña
esqueléticos peitos.

²⁹ Publicado en *Vallibria* en 1930.

45.

Rotos mortos³⁰

Anduriñas!... Murchas e esvaídas,
alongáronse ao lonxe en revoadas,
–anduriñas íntimas– esquencidas
de vinte anceios de ilusiós caladas.

E pousáronse na man, doce e sinxela
da súa galería; e a laranxeira
do ceo regaloume unha estrela
obrigando na obriga unha quimeira.

Unha quimeira calma e señardosa
feita toda de luces pervagadas
na ledicia do cáliz dunha rosa.

Unha rosa branca coma os camiños
aseixados e rextos das namoradas
mortas, dos baleiros niños.

³⁰ Publicado en *Galiza* en 1930.

46.

Noiturnio III³¹*Pra Xosé María de la Fuente*

Polo van collín a noite,
zuca casaca de estrelas,
chea de compridos lonxes
e montañas de bonecas...

–As liñas do horizonte
con dúas fibelas loiras,
atara ledro na lúa,
avión de carriola–

Noite núa, noite núa
teus mil ollos danme vértices
feitos de quedas doidices!

...Noite núa, noite núa,
zuca casaca de estrelas,
atara aos cornos da lúa
con dúas loiras fibelas...

Noite núa, noite núa
vente comigo a voar
por unha fenda da lúa!

Polo van collín a noite,
zuca casaca de estrelas,
chea de compridos lonxes
e montañas de bonecas...

³¹ Publicado en *Vallibria* en 1930.

47.

Ben quixera...*Pra Pepe Cigarrán Martínez*

No ar que te abesulla me devezo
e asevedo quebralo, e ben quixera
de insuas pra el, algunha que soubera
as soidades e os ventos que en ti esquezo.

Ben quixera tamén, e non tremera
agoirar lirios e rosas espidiñas
de orballo, as bágoas e as froliñas
coas que trocar en nubes eu puidera.

Encher un ermo de soidás serenas
e ermidas louras e toxos e azucenas
e en todo isto ti, Raíña encantada:

Deslinguar no teu berce as salmodias
que ceiban no piñeiro as cotovías,
e nelas, coma o Sol, sempre alborada!

48.

Soma de craridades

Ao Luís Seoane

I

Dúas luces en par
e dúas liñas...¿entre si?
Xa non se sabe
perfís internos
e pranos torpes.
Cadro. Dúas somas sob de si.

II

Toda a casa anda chea de anacos
de espello.
Xa non caben –exactitudes e albas–
na punta –cirio, índice–
do lápiz inocente.
Interior. Dúas luces en par.

III

Xa están –agora xa si–
todos. Vésperas. Rectángulos.
Ocogravado.
A mesma noiva infeliz
e o mesmo cóbado na mesma intención.
Tres homes. Como ollos fóra,
colgados na difusa extensión.
Casa má. Dúas somas baixo si
e dúas luces nunha craridade.

IV

Boca. ¡Que horizonte entrañado
e que ollada matinal!

–Debuxo: campesiños ledos–

¡Que xusta marea
e que xusto pinar!

Peitos –témpanos– en celestial enredo.

¿Homes?

Mozas. Vans remoídos e outra cibdá.

Nota:

¡Que teitos outos, que cibdá tan crara!

49.

Luz

Deixa. Os fros andan a pedir
mastros. E iso é un ben.
Cada paso nace inventado polas escumas.
Cada vidro nace inventado polas calugas.
Eu, o home cansado das loitas.
Fixamente, por unha fenda... ¿LUZ?
Non: fiestra, herdo azul,
docemente salvaxe.

50.

Soma

É o ar que anda a creala.

Ten conta!

Non deixes que fuxa –par e par–
a precisión infatigábel –SOMA!–
da máis lonxana carne das cousas.

51.

Liña

Tres fatigas: arcos, homes, límites

Descansos –descensos– infinitos:

auga,

moza,

arbre.

Unha cardinal de ialba

E outra –outo campo– de adolescenza soia.

Cadrado pano.

52.

Craraboia

Eu ando á beira da miña noiva romántica
que ten laranxas verdes
e un abano con paxaros
pra compor o cadro da súa fiestra tan cursi.
Que vaso naceu naquela goteira que toda a noite soa
a vals?

Oh, miña noiva! As túas mans
teñen unha alma inxele chea de pontas de dedos!
Como sorrí o ar na túa sombra de boneca!
Oh, miña noiva! Estache curto o traxe das primaveiras?

...Alén, o corpo esquerdo dun mariñeiro
bébedo baila o derradeiro tango do acordeón.

53.

Oco

A Gómez del Valle

Desenterrados de mar e vento
–poma, río–
na mesmiña orela naceron Dúceos.
Nin teñen –arco, riso–
aqueles esforzos das mans cortadas
nin –tampouco– aquela sangue cóncava
das azas convalecentes dos paxaros.
Están nos lonxes matemáticos de si mesmos
–navegantes, limpos–
con camisa da pel recién cortada.
Homes. Oco.

54.

Nenos

Os nenos teñen un anverso sentimental
pra esnaquizar a fuga distensa dos horarios.

Aquel home que leva aquela esquina sobre dos ollos
nunca puido ser neno.
Sábese polos ollos mesmos.

Os aramios foron inventados polos nenos
como a metafísica máxima dos soños encadeados.

Había un conto de nenos pra nenos
e perdeuse.
Desde entón existe o medo e as avelaiñas.
O inverno tece o corazón da choiva
coma os ollos dos nenos enfían a escuridade.
Aquel conto de nenos pra nenos que se perdeu era un conto
impar.

55.

Ese idioma³²

El día 25 saldré para Santiago. Desde allí te mandaré los originales de mi próximo libro. Creo, quiero creer, que les buscarás un nombre... ¿Verdad que sí?

Los versos están escritos en gallego, por dos razones serias y una en broma. Primero: porque tú me lo pediste. Segundo: porque no hay lengua como la mía.

Y la tercera: Yo aspiro, como Curros, a la inmortalidad, y como él, digo que escribo mis versos en gallego, porque pronto llegará un día en que en todo el mundo no se hable más que un idioma, y ese idioma

máis que unha serenata pracenteiro,
 máis que unha noite de luar docísimo,
 será, que outro senón?, será o galego.
 Fala de miña nai, fala armoniosa
 en que o rogo dos tristes rube ao ceo
 e en que descende a prácida esperanza
 aos afogados e doridos peitos.
 Idioma en que garulan os paxaros
 en que falan os ánxeles, os nenos,
 en que as fontes solouzan, e marmullan
 entre os follosos árbores os ventos...

³² Nunha das cartas a Emma Gómez estalle a falar das tres razóns polas que lle escribe versos en galego e, de súpeto, a terceira das razóns pasa a explicala en verso dun xeito hiperbolicamente sentimental. O título a estes versos puxémosllelo nosoutros.

56.

Algún día³³

*Nos meus beizos dorme o bico
que algún día che hei de dar
como dormen as estrelas
arroladas polo mar.*

(Popular)

Algún día... serán as doce na lúa;
alá lonxe [...], os ollos mirarán.
Pervagará unha nube moi albina e moi núa
e as estrelas, suaves, máis escentilarán.

E logo: entre o arrulo sebardoso dos pinos
moi loira, ti has de chegar a min...!
Daranche garda as fadas, gardadoras dos pinos
traguerás enfeitado o seo con xazmín...!

Eu bicareiche as maus, falareiche moi quedo
ollareite co meu ollar máis ledó
e nos meus versos levareite a vagar:

xuntos percorrерemos os meus xardíns de ensono
onde imoi amado! xa che alzáron un trono
os anceios dourados do meu tímido amar!

³³ Esta é a primeira versión deste poema, en carta a Emma Gómez Morales con data 03/12/1928.

57.

Algún día...?³⁴

*Nos meus beizos dorme o bico
que algún día che hei de dar,
como dormen as estrelas
arroladas polo mar...*

(Popular)

I

Algún día...! Serán as doce na lúa;
no lonxe tendidos, meus ollos mirarán.
–Pervagará unha nube moi albina e moi núa,
e as estrelas, axuda pra atoparte darán.

Logo: entre a meiguice rumorosa dos pinos
moi loira e feiticeira has de chegarte a min...
Daranche garda as fadas, gardadoras dos sinos:
traguerás enfeitado o seo cun xasmín.

Deluvareiche as maus, falareiche moi quedo,
deliroso ollareite co meu ollar máis ledó
e entre os meus versos levareite a vagar:

xuntos percorrерemos unhos eidos de ensono,
en onde, moi amado, xa che alzaron un trono
os anceios sinxelos dun tarrezoso amar...!

³⁴ Nova versión do poema anterior, publicado case dous anos despois en *Céltiga* 136, o 25/08/1930.

58.

Algún día...?³⁵

II

E alí, nos meus xardíns... unha roseira
daramme rosas brizas que te han de coroar.
E un manto de ouro, das froles da troxeira,
un rusiñol poeta con trinos ha bordar.

Na ventana asomada, moi romántica a lúa;
preto che direi versos, ti, moi leda estarás,
hei bicar súa mau, coidando que é a túa,
e mentres ela fuxa, noiva me sorrirás!

Dempois, en tanto amence,
e a terra, o sol cos seus raios a quence,
ti e eu...!... O altar será o cruceiro,

o padriño aquel melro, a madriña esta frol,
o leito, aqeste céspede tan frorido e tan mol,
e a vida de alí a sempre, ese eterno carreiro...

*Nos meus beizos dorme o bico
que algún día che hei de dar,
como dormen as estrelas
arroladas polo mar...*

³⁵ Esta parte II do poema «Algún día...?» non a demos localizado nas cartas ás irmás Gómez Morales. É posible que sexa unha continuación composta para a publicación do poema en *Céltiga*?

59.

Outono³⁶

Vin pra decir como é o Outono.
 O Outono é amarelo e doutras cores.
 Tamén é morno ou frío. Segùn.
 Ninguén sabe por que o Outono fina tres días denantes de Nadal.

Nas cidades o Outono ten pequenas amizades.
 Hai máis chairas e menos escadeiras.
 Os armarios cheiran a pozos e nos balcós as mulleres apenas se
 perceben.
 Polo Outono é cando hai a desteta dos paraguas.

Polo Outono hai moitos domingos.
 Polo Outono tamén hai señoras antigas e ás seis do serán saben a
 chicolate.
 O musgo dorme e as pombas escoitan coas prumas en punta
 como as chemineas fabrican fume.

A unha da mañán é unha hora que vai pra quente.
 Isto polo Outono.
 A fiestra ten dezaseis pequenos e cadrados vidros.
 Eu quixera escribir como é o Outono.
 O Outono é amarelo e de moitas cores.
 Tamén podía ser redondo e transparente.

Coa invención das follas que caen coa aparición dos paraguas
 eu cheguei a descubrir o segredo meditabundo das árbores que nacen á
 beira dos estanques.
 Os estanques son amábeis como chemineas.
 Polo Outono todo é amábel e un pouco máis pequeno.

O segredo das árbores que nacen á beira dos estanques
 cheira a xeo lonxano e a cobertores internos.
 O ceo é fino e calcula a entrada e a saída das nubes.
 As árbores teñen unha cara da cor do tempo e outra de cor das visitas.

O mar non existe polo Outono.
 Como un adormecerá á beira dun tranvía pensando en que xa anda pola
 cidade o Outono?

³⁶ *Galiza. Facsímil*, páx. 133.

Dos corredores e das galerías xa non se lembra ninguén.
Eu quixera escribir o que pasa no Outono.

60.

Pola ribeira sen sono...³⁷

Pola ribeira sen sono das cidades
chegou a malencolía a pintora dos descampados e soletreadora dos
amábeis xestos dos peitos vellos.
Toda a serán encheu de bafo pensativo das escobas e os relós parados.
Na craraboia peta a noite coa súa fronte de choiva.
Eu apreto cos dedos e as puntas dos ollos a derradeira craridade
da fiestra.
Eu agarro no fío dos coitelos xeados a morte dos zapatos e todas as
outras cousas inúteis.
Escoito nos dentes a canzón das patas rotas das mesas e o
pulso escorredizo das camas onde se retrataron os inevitábeis
defuntos internos
óllome no lavabo pintado da mesa de noite ou paisaxe
de Outono.
A ágoa cheira a espello desangrado e a cabeleiras sonámbulas.
Eu ando en calquer recuncho ensaiando pradeiras con bolboretas
e pechaduras cheas de tinta.
Chegan a min os berros das portas desvencelladas e o medo
dos tellados esquencidos nas rúas
percibo como nacen os paraguas ao carón mesmo do fume
antiguo e sempre adolescente das chemineas.
Nas craraboias a noite pousou as escadeiras do frío
cheas de xarras rotas e periódicos con anuncios lumiosos de
lúas cheas que xa foron.
Pola ribeira sen sono das cidades
chegou o aramio onde se aforcan as infancias e os despertadores mudos.

³⁷ *Galiza. Facsímil*, páx. 135.

61.

Anduriña³⁸

Anduriña que ao voar
non percura algún aleiro,
é porque sabe aniñar
no relustro dun luceiro.

³⁸ *Galiza. Facsímil*, páx. 135.

62.

Ela, que se chamaba Pilar³⁹

Ela, que tiña un vestido cor de rosa
e abría con certa elegancia a fiestra aquela
ollaba sempre de lado e apenas dicía nada.

Eu quíxena de sempre por mor das sutilezas.
Tamén a quixen polo seu vestido rosa
E porque a miña cidade era aburrida.

Paseábamos polo Cantón, de lastras brancas.
Apenas falábamos. Ás veces eu bicáballe unha man.
Pro isto poucas veces, porque ao mellor pasaba xente.

³⁹ *Mondoñedo literario*, páx. 51.

63.

O poema e a súa xeografía⁴⁰

Máis arriba de Cesuras
fun buscar unha rapaza
porque Valiña de Freire
crías de mui boa raza.

Andei os montes de Estelo
Romariz e a Fraga Vella,
pasando con pan e queixo
feito con leite de ovella.

Na romaría en San Cosme
beilei cunha de Labrada
que non ten Serra de Neda
pita de mellor larada.

Chámase María Rosa,
apelídase Tenreira,
ten a casa en San Antón,
máis pra aló da Cabeceira.

Traballa de tecedora,
aquí traio a lanzadeira,
heime de casar con ela,
quero vivir na Costeira.

Alí cavando na roza,
collerei moito centeo,
como ela é tan boa moza,
estarei coma no ceo.

⁴⁰ *Mondoñedo literario*, páxs. 57-58 (dado a coñecer antes no *Faro de Vigo*, o 22-12-2011). O título púxollo o cunqueirófilo Armando Requeixo. Estímase a súa composición arredor de 1950.

64.

.....de nós.

.....un **corazón alfabético**⁴¹ pintado de vans e frontes demudadas.

.....si, tamén medos de poboación lacustre

.....os que o eran.

.....e nos nenos escurridizos das solainas

.....noivas aforcadas nos faios pola luz fixa

.....remorsos ecléticos dos cisnes polas ribeiras vespertinas dos lagos.

.....viña de nós contra tódalas *lámparas* e contra as noites

revolta de silenzos rasgados por aramios fuxitivos.

E a viña sumada de soños con pulsos e camiños acesos.

Total é corpo enteiro. Pensádelle roturas.

⁴¹ É unha auténtica desgraza que a marxe esquerda desta folla solta estea estragada e comesta pola couza, de xeito que non podemos sequer sospeitar o que nela había escrito deste poema que, polo pouco que se pode del ler, encaixaría perfectamente en *Poemas do si e do non* ou en *Adolescenza de inverno*.

65.

Daquel vento que nas ponlas dos pinares
que se erguen recios na beira mar bravía
pon nas noites de furia a letanía
das doores sen fe nin paz nos mares.
Doores tenras, ansias de libertade
.....
brancas da lúa prateada que na.....

66.

A unha campá maior chamada
PAULA
nas súas docísimas bodas de ouro

I

Pola boca de bronce saían os anxos;
Vésperas gozosas ~~de ouro~~ craras
mediodía repicado
soñaban altos de torre
madurez de cincuenta anos.

Pola boca de ouro saían os anxos

.....
.....pozo de sons
.....volteada
.....senlleira

Nacemento I

Na boca de bronce naceron os
anxos
En altos de torre volteos
soñaban
véspera primeira repique
gozoso

~~Pola boca de bronce cantaban os~~
~~anxos~~
~~cincuenta anos de vésperas~~
~~gozosas~~
~~Ai que bronce máis bronce esta~~
~~campá!~~

67.

Romanciña de D. Maio

En guerra de lúas
estrelas sin fin
andaba Don Maio
polo outo Abril

Po.....
.....
estaba Don Maio
en guerras sin fin

Doncela de lonxe
encantada está

*Por altos de áer⁴²
e lúas de Abril
andaba Don Maio
en guerras sen fin.*

*Espido de froles
de frautas o son,
andaba Don Maio
lixero e garzón.*

*Diranvos os ventos
por quen tal loitar:
por Dona Anduriña
que encantada está.*

*Dragóns de neveiras⁴³
e choivas a mil
matara Don Maio
con rosas a abrir.*

*Matara o Marceiro
galán coronel,
que tiña a Anduriña
na ucha do mel.*

*Pola branca lúa
polo azur do ar,
vén Dona anduriña
as gracias lle dar.*

⁴² Esta é a letra, que afortunadamente se pode ler entre os versos recuperados por Mayán Fernández do Pallarego.

⁴³ Descoñecemos o que poden ser «Dragóns de neveiras».

68.

.....abeledo cantaba
.....o melro real

lembro en silencio craro

Agora escoito fortemen[...]

Esta pequena rosa
este áer pequeno
costume de falar suavemente
dunha visión sinxela
dunha amábel ollada

69.

.....
**vagabundo**
 Non é ~~áer~~ ~~nin~~ rosa
 nin nobelo de seda
 en laranxa se queda
 como froita sabrosa

Que che importan as cousas
 que naceron nantronte
 se agora nesta fonte

Que naceron nantronte?
 Non che importan xa as cousas
 [...]

.....**anque** vaga
**lediciosa**
 Non é áer nin rosa
 nin nobelo de seda
 en laranxa se queda
 como froita sabrosa.

Que che importan as formas
 que naceron antonte
 se agora nesta fonte
 van a nascer as normas
 cuio.....**er** conformas
 con.....**e** soñar?
**a** cantar
 nin pomba nin.....**dores**

70.

Era unha nena, mais doce e máis fermosa
neve é a túa ialma, rapaza máis fermosa

As ponlas dos álamos de abertado muíño
refréxanse no río, nas augas solouzantes

Paixón

Naquel diferente país ou morte. Con aquel decorado preciso áer.

Quixera poder decir simplemente unha paixón ou elexía a aquel poeta.

Áncora capital ou aramio
son tres cousas

Referencias bibliográficas

Bibliografía citada

- Alonso Girgado, Luís (dir.) (1999): *Galiza. Mondoñedo (1930-1933) (edición facsimilar)*. Santiago de Compostela: CIHRP.
- Costas, Xosé Henrique (1991): «Unha trintena de poemas esquecidos de Álvaro Cunqueiro», *Animal* 1, 6-9; *Animal* 2, 8-11.
- Costas, Xosé Henrique / Iago Castro (2011): «Poemas esquecidos anteriores a 1933», *Grial* 192, 134-139.
- Cunqueiro, Álvaro (1980): *Obra en galego completa. I. Poesía. Teatro*. Vigo: Galaxia.
- Cunqueiro, Álvaro (1991a): *Obra en galego completa. IV. Ensaíos*. Vigo: Galaxia.
- Cunqueiro, Álvaro (1991b): *Autopoética e poesías 1935. Autógrafos e inéditos de Álvaro Cunqueiro. Homenaxe do Consello da Cultura Galega*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. [Reproduce 11 poemas. Do poema «Derradeira elxía a Manuel Antonio» só reproduce os catro primeiros versos dos dez totais, porque a seguir amécelle os doce últimos versos do poema «A Hölderlin» como se formasen parte do primeiro].
- Cunqueiro, Álvaro (1991c): *Flor de diversos. Escolma de poetas traducidos*. Escolma e introdución de Xesús González Gómez. Vigo: Galaxia.
- Cunqueiro, Álvaro (1991d): *Herba aquí ou acolá*. Edición aumentada e comentada de X. H. Costas. Vigo: Galaxia.
- Cunqueiro, Álvaro (2004): *Poesía 1932-1933. Mar ao Norde. Cantiga nova que se chama Riveira. Poemas do si e do non*. Vigo: Galaxia.
- Cunqueiro, Álvaro (2011): *Poesía 1933-1981. Dona do corpo delgado, Herba aquí e acolá. Outros poemas. Poesía 1933-1981*. Edición de X. H. Costas / I. Castro Buerger. Vigo: Galaxia.
- Cunqueiro, Álvaro (2013): *O mundo que teño de meu. Artigos en lingua galega. Prensa e revistas 1930-1980*. Edición de X. H. Costas / I. Castro Buerger. Vigo: Galaxia.
- Cunqueiro, Álvaro (2017): *No obradoiro do fabulador. Artigos en galego de Álvaro Cunqueiro no Faro de Vigo 1963-1971*. Edición de X. H. Costas / I. Castro Buerger. Vigo: Galaxia.
- Cunqueiro, Álvaro (2019): *No obradoiro do fabulador. Artigos en galego de Álvaro Cunqueiro no Faro de Vigo 1972-1981*. Edición de X. H. Costas / I. Castro Buerger. Vigo: Galaxia.
- Forcadela, Manuel (2005): *Diálogos na néboa. Álvaro Cunqueiro e Ramón Piñeiro na xénese da literatura galega de postguerra*. Cadernos Ramón Piñeiro VIII. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

- Forcadela, Manuel (2009): *Mecánica da maxia. A ficción e ideoloxía de Álvaro Cunqueiro*. Vigo: Galaxia.
- González Gómez, Xesús (1984): «Tradutor de mil poetas», *A Nosa Terra. O mundo de Cunqueiro*, Extra 2, 33-35.
- González Gómez, Xesús (1990): *Álvaro Cunqueiro, traductor*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia.
- González Gómez, Xesús (2019): «No obradoiro do fabulador, os gustos literarios de Cunqueiro», publicación no blog *Biosbardia*, 27/11/2019. <https://biosbardia.wordpress.com/2019/11/27/no-obradoiro-do-fabulador-os-gustos-literarios-de-cunqueiro/> [consultado o 11/01/2021].
- Mayán Fernández, Francisco (1991): *Manoel Ledo Bermúdez «O Pallarego»*. Lugo: Deputación de Lugo.
- Morán Fraga, César (2014): «Cunqueiro inédito», *Sermos Galiza* 102, 26-27.
- Requeixo Cuba, Armando (2014): *Mondoñedo literario*. Lugo: Deputación de Lugo.

Bibliografía consultada

- Álvarez Cáccamo, X. M. (1991): «A poesía de Álvaro Cunqueiro: do cristal á cinza», en F. Fernández del Riego *et alii*, *Álvaro Cunqueiro 1911-1981. Unha fotobiografía*. Vigo: Xerais, 267-293.
- Castro Buerger, Iago (2004): «Os alófonos fantásticos. Poemas descoñecidos de Álvaro Cunqueiro», *Anuario de Estudos Literarios Galegos* 2004, 30-39.
- Castro Buerger, Iago (2005): «Unha visión sistémica das traducións de Cunqueiro no *Faro de Vigo*», *Viceversa. Revista Galega de Tradución* 11, 23-49.
- Costas, Xosé Henrique (1985): «Un poema esquecido de Álvaro Cunqueiro», *Dorna* 10, 11.
- Costas, Xosé Henrique (2018): «Afinidades antagónicas: Cunqueiro, anosador da Beat Generation», *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos* 21, 51-70. DOI: <http://dx.doi.org/10.5209/MADR.62593>
- Cunqueiro, Álvaro (1988): *Hierba aquí o allá / Herba aquí ou acolá*, edición bilingüe de C. A. Molina. Colección Visor de poesía, 227. Madrid: Visor.
- Departamento de Filoloxía Galega (1991): *Álvaro Cunqueiro. Escritos recuperados*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da USC.
- Filgueira Valverde, Xosé (1991): *Álvaro Cunqueiro*. A Coruña: RAG [Reproduce sete poemas. Do poema «Derradeira elexía a Manuel Antonio» só reproduce os catro primeiros versos dos dez totais, porque a seguir amécelle os doce últimos versos do poema «A Hölderlin» como se formasen parte do primeiro].
- Forcadela, Manuel / Teresa López / Dolores Vilavedra (coords.) (2014): *Mil e un Cunqueiros. Novas olladas para un centenario*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

- González Somovilla, Miguel (2019): *Al pasar de los años. Artículos periodísticos (1930-1981)*. Biblioteca Castro. Madrid: Fundación José Antonio Castro.
- López, Teresa (2014): «Notas marxinais á poesía de Álvaro Cunqueiro», en M. Forcadela / T. López / D. Vilavedra (coords.) 2014, 465-478. DOI: 10.17075/mucnoc.2014.023
- López Foxo, M. (2011): «Para cando nun único volume a obra poética en galego completa de Álvaro Cunqueiro?», *Terra e Tempo. Dixital galego de pensamento nacionalista*, 22/12/2011. <http://www.terraetempo.gal/artigo.php?artigo=2142&seccion=13> [consultado o 11/01/2021].
- Noia Campos, M.^a Camiño (2015): *Álvaro Cunqueiro. Trinta poemas*. Vigo: Pen Club Galicia.
- Palacio Sánchez, Antón (2007): «Cunqueiro tradutor e anosador», *Viceversa* 13, 171-203.